



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Acta da sesión EXTRAORDINARIA celebrada pola Excma.
CORPORACIÓN PROVINCIAL o 21 de novembro de 2019

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria extraordinaria que terá lugar o 21 de novembro de 2019.

ASUNTOS

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

1. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 5/2019 de aprobación polo Pleno

2. Aprobación inicial do Orzamento Xeral para o exercicio económico 2020 e bases de execución.

3. Aprobación inicial da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2020

Acta da sesión extraordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 21 de novembro de 2019.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 21 de novembro de 2019, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión extraordinaria.

Preside: Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Deputados/as

Asistentes:

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Don Antonio Fernández Angueira	PP
Don Jose Luis Fernández Mouriño	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Dona Dalia García Couso	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Pablo González Cacheiro	PP
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Don José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Actúa como secretario: José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:08 horas, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 5/2019 de aprobación polo Pleno

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 5/2019 de competencia do Pleno que se tramita dentro del vixente orzamento xeral por un importe 17.928.776,95 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	150.371,85
SC. Suplementos de crédito:	17.778.405,10
Total aumentos:	17.928.776,95

A.2) Baixas (fontes de

Remanente de Tesourería:	1.575.000,00
Baixas por anulación:	16.353.776,95
Total financiamento:	17.928.776,95

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	0,00
2. Gastos correntes	1.000.000,00	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Trans. correntes	107.814,60	107.814,60
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	575.000,00	0,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	0,00
2. Impostos indirectos	0,00
3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Transferencias correntes	0,00
5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Enaxenación investimentos reais	0,00

7. Trans. de capital	16.245.962,35	16.245.962,35
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:	17.928.776,95	16.353.776,95

7. Transferencias de capital	0,00
8. Act. Finan. (Reman. Tesourería)	1.575.000,00
9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	1.575.000,00

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril, e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitírase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2019 exceden do límite establecido na regra de gasto no Plan económico-financeiro 2018-2019 deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio neste mes, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización de remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de

crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

2.- Aprobación inicial do Orzamento Xeral para o exercicio económico 2020 e bases de execución.

INTERVENCÍONS

Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos e a todas. Desde o equipo de goberno da Deputación Provincial da Coruña seguimos a ser conscientes da importancia do orzamento como un instrumento fundamental para unha correcta xestión dos servizos provinciais. Deste xeito os 93 concellos da nosa provincia dispoñerán de marxe de actuación nun período como o actual, certamente dificultoso. Por iso entendemos que para nós é unha decisión estratéxica abordar a elaboración deste importante documento, que entrará en vigor no mes de xaneiro. É unha das máximas prioridades que nos puxemos desde un principio e é que estes orzamentos o día 1 de xaneiro entren en vigor. Con esta prioridade, da que esa é a nosa primeira responsabilidade, presentámoslles uns orzamentos inevitablemente marcados por un entorno difícil e afectado fundamentalmente por catro circunstancias que me gustaría comentar.

En primeiro lugar, os efectos que seguimos a sentir dunha crise económica duradeira e excepcional. En segundo lugar a urxencia, para a elaboración da nosa planificación, dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2020, o que supón, como saben vostedes, relevantes incógnitas para os orzamentos das entidades locais. Finalmente é sabido que o proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia non inclúe, unha vez máis, ás deputacións entre os destinatarios do Fondo Galego de Cooperación Local, non obstante, as diferentes normas autonómicas seguen a atribuírnos competencias, sen cuantificación e sen dotación orzamentaria. En terceiro lugar, a regra de gasto tamén paraliza 8.000 millóns de euros dos concellos, que fixeron no seu día os seus deberes e están nunha situación financeira saneada, e que minora, para o que é a provincia da Coruña, en douscentos millóns de euros aos concellos.

Nun contexto coma este, a xestión económica debe orientarse a priorizar o mantemento e a mellora dos servizos básicos municipais, servizos estes que cobran relevancia no benestar económico e social da cidadanía da provincia. Pois ben, o orzamento da Deputación da Coruña para o vindeiro ano que sometemos á consideración deste Pleno ascenderá a 184.016.500 euros, o que supón un incremento do 0,22%, o que me gustaría tamén destacar varias cuestións que considero importantes.

Non haberá operacións de débeda no exercicio 2020 e manteremos en consecuencia a situación de débeda cero. A Deputación da Coruña destinará en 2020 máis de 72 millóns de euros nos distintos plans provinciais, entre os que se atopa o Plan único, que contará cunha achega inicial de 47,2 millóns de euros para financiar obras, servizos públicos nos 93 concellos da provincia. Unha cantidade que, como en anos anteriores, e vostedes sábeno perfectamente, este Grupo irá incrementando progresivamente ao longo do 2020. As bases do Plan único incluírán en 2020 novidades para que os concellos en situación de risco financeiro poidan destinar a maior parte dos fondos que se lles asigna á Deputación a sufragar aqueles gastos correntes que atenden a funcións sociais básicas. Seguimos cun proxecto de mobilidade que se integrará dentro do Plan director, estoume referindo aos programas Vías verdes, refírome ao Camiño dos faros, ou o Programa das sendas. Manteremos un orzamento necesario para seguir prestando do mellor xeito posible a asistencia xurídica, económica, técnica e urbanística aos nosos concellos. Ao propio tempo, continuaremos a estimar prioritarias as dotacións de servizos sociais municipais, cuxas previsións iniciais pretendemos aumentar e coordinar a súa xestión xunto coa Comunidade Autónoma e con outras entidades públicas e privadas. Abondando nisto desexo resaltar que máis do 5% do orzamento da Deputación Provincial da Coruña de 2020, é dicir, 9,5 millóns de euros, serán destinados a manter os centros educativos da provincia, concretamente da cidade da Coruña, como pode ser o IES Puga Ramón, o IES Calvo Sotelo, e os Fogares infantís da cidade da Coruña e tamén do de Ferrol, que seguen sendo de titularidade provincial, pese a que a educación, e os servizos de protección e atención a menores son competencia exclusiva da Xunta de Galicia. Tamén quero reseñar aquí o que facemos, que é a Biblioteca provincial, que é outro dos servizos que estamos asumindo desde a Deputación provincial.

Xa no apartado concreto de subvencións a entidades sen fins de lucro, xunto cos programas tradicionais para actividades culturais, deportivas, sociais e de promoción económica dos distintos sectores produtivos, favorecer a igualdade é unha das nosas prioridades, a loita contra a violencia de xénero e o fomento da lingua galega. Manteremos conxeladas as tarifas e prezos públicos no ano 2020 e incrementamos neste ano que estamos a punto de rematar, do 90 ao 98% a porcentaxe das entregas a conta, o que vai significar que os concellos van dispoñer de 170,5 millóns de euros, mellorando notablemente deste xeito a liquidez dos municipios coruñeses para atender as obrigas que consideren oportunas.

En definitiva, non me vou estender moito máis, en definitiva, presentamos uns orzamentos nun momento moi especial pola situación que vivimos, unha situación que todos somos sabedores e na que non me vou estender, pola nula ou pouca participación da Xunta de Galicia a través do Fondo de Cooperación Local, mais é certo que tamén o facemos cunha responsabilidade que é priorizar aos concellos e aos cidadáns da provincia para mellorar a vida das persoas, dotando dos servizos básicos. En suma, un ano máis, un punto de partida, que ao longo do ano 2020 iremos dotando e mellorando con seguridade tal e como vimos facendo na pasada lexislatura. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Rosa explica as emendas e despois intervimos.

Sra. Gallego Neira

Eu realmente o que quería entrar é un pouco a debater xa o que é o orzamento, as emendas case queríaas deixar para a réplica, ou fágoas agora, dáme igual, como queirades.

Eu primeiro o que teño que dicir é que traen o orzamento, o documento máis importante da Deputación sen unha Xunta de portavoces, sen falar, sen nada, cando o noso Grupo ten presentado vinte e catro emendas, tarde e mal, non só tarde, despois de reclamar a documentación durante semanas, máis dunha semana, despois de comparecer o presidente da Deputación no Parlamento de Galicia, nosoutros, que fomos polo libro, e coa vontade de realizar achegas e de chegar a acordos, presentamos vinte e catro emendas na Comisión de Facenda, o pasado venres, tiveron unha semana para estudalas, para comentalas, para poder transaccionar incluso algún punto, estabamos totalmente dispostos, desde logo máis tempo do que tivemos nosoutros para estudar o orzamento, e como non tivemos máis novas, onte chamei ao presidente, ao Sr. Formoso, que non estaba na Deputación, e a continuación ao Sr. Leira, reunímonos con el para comentar, efectivamente, que ían facer, se íamos poder transaccionar algo, a resposta foi que o falaría co seu Grupo, non chegamos a nada. Saio do despacho e estaban o Sr. Lema e os fotógrafos, o fotógrafo da Deputación e a fotógrafa da Marea, cun acordo que nos encontramos hoxe na prensa, que chega a un acordo, que non é nada, porque realmente non se reflicte no orzamento, é unha declaración de intencións, e sen falar co Grupo maioritario da Deputación, que é o noso. Cremos que xa non é só un desprezo a este Grupo Provincial, senón que é un desprezo a todos os cidadáns da provincia que votaron ao Partido Popular. Que menos que convocar a Xunta de Portavoces, cando ademais houbo unha moción o pasado Pleno e todos estabamos de acordo en que era necesario, o documento máis importante, con vinte e catro emendas presentadas polo noso Grupo e, de verdade, con todo o cariño, creo que me podo facer a tonta, pero non o son. A foto, si, a foto non é exactamente a do abrazo de Sánchez e Iglesias, pero ben, é bastante parecida e é bastante significativa.

Din, e dixeron estes días en rolda de prensa, que é un orzamento prudente e flexible, e tan flexible, porque aquí o que fan é incorporar máis remanente do que logo realmente é o orzamento inicial, e que está un pouco lastrado pola crise, pola Xunta, como non vai aparecer a Xunta, hai que falar da Xunta porque non se pode falar deste orzamento, porque é tan malo que nin merece a pena falar en profundidade, a crise, e que non hai orzamento do Estado para o 2020. Iso non é culpa do Partido Popular, iso é culpa do Sr. Sánchez que está en funcións porque el mesmo quixo estar en funcións. Por certo, canto debe da participación dos ingresos do Estado, iso non o comentou, á Deputación?, cal é a achega que ten que facer o Estado á Deputación? o que debe atrasado, non falo de 2020, falo do que nos debe, aínda non o sabemos. Eu creo que ao Partido Socialista Obrero Español caeulle o E de España hai tempo, o O de Obreiro, e vímolos estes días coa sentenza, 700 millóns, fíxese, casualmente o dos ERES é o mesmo que lle debe o Estado á Xunta de Galicia, que faría a Xunta de Galicia con eses 700 millóns de euros?, pero ben, non vou facer un debate político no sentido de criticar, desde logo, o que farían vostedes, porque noutras ocasións vímolos cando houbo sentenzas en contra do Partido Popular, pois agora as súas palabras téñenas que tragar, pero claro, vemos que cando fala o Partido Socialista as palabras lévaas o vento.

O noso Grupo está absolutamente decepcionado cos orzamentos de 2020, e desde logo,

unha falta de respecto a todos os Grupos da oposición inicialmente, porque non vimos máis negociación que coa Marea, é verdade que o Goberno compóñeno os dous Grupos, non nos chamaron, non soubemos absolutamente nada de vostedes ata onte, que tiveron que chamar eu, e desde logo, un paripé.

Son uns orzamentos que non se van cumprir, que non son cribles, que hai partidas ben dotadas economicamente, moi ambiguas, que imaxino que quedarán a discreción do deputado do Goberno de quenda, e o noso grupo presentou un total de vinte e catro emendas ao proxecto de orzamentos para 2020. Non sei se as leron, imaxino que si, onte había algún que non as lera. 5,8 millóns de euros, o 3% do orzamento da Deputación que, como digo, podía ter transaccionado, podía ter negociado, podía ter falado como mínimo nunha Xunta de Portavoces, e todo isto a custa de gastos diversos, que é un caixón de xastre, e propaganda. Máis importe para investir en infraestruturas e servizos e deixar estes gastos superfluos para os modificativos, porque o que me dirán agora é que moitas das emendas que nosoutros presentamos incorporaranas nos modificativos sucesivos, pois nosoutros entendemos que é máis importante facelo ao revés.

Desde o Partido Popular consideramos que é esencial e necesario corrixir un orzamento que de punto de partida sube gastos en propaganda e reduce os investimentos, con isto non favorece, desde logo, aos intereses da provincia. As nosas propostas de emenda pretenden achegar solucións a problemas que o goberno bipartito provincial non só non resolve co seu proxecto, senón que incluso empeora, melloras en infraestruturas e servizos. O documento é continuista e sen ambición, recorta un 10,77% os investimentos reais, fronte a 2019, non se incorporan investimentos para melloras de instalacións deportivas en concellos e tampouco hai un incremento de partidas para o mantemento das mesmas que, como xa dixemos, están en mal estado, na moción que no seu día presentou este Grupo.

Supoñemos con desgusto que as nosas suxestións e achegas non van ser atendidas. Sr. presidente, o deporte constitúe unha actividade de máxima importancia e relevancia nas sociedades modernas, se asocia directamente a un modo de vida saudable, co que se contribúe á mellora das propias condicións físicas, así como a valores de superación, loita, respecto aos demais, e ás normas e ao crecemento persoal baseado no esforzo e na mellora do propio rendemento, todos eles son valores sociais que a esquerda presume tanto de aplicar nas súas políticas. Por parte deste Grupo considérase que non só debe apostarse polos clubs deportivos, como xa dixemos no seu momento, cando estean actuando na terceira división, outorgándolles subvencións nominativas que, por certo, non son todas apoiadas ao cen por cento como dixo na súa comparecencia no Parlamento de Galicia, senón que tamén han de apoiarse outros niveis máis modestos, pero tamén importantes. É hora xa que por parte desta institución provincial se apoie e se faga unha aposta firme por entidades e asociacións que utilizan a diario as infraestruturas municipais ás que lles gusta practicar deporte e actividade física para a saúde e, sobre todo, os nenos. Comprobamos falta de apoio aos municipios, a través dun Plan integral ou programa específico de subvencións orientado á reforma, reparación e mantemento das instalacións deportivas nos municipios da provincia da Coruña.

Por outro lado, mentres a propaganda dedican unha subida do 8,5%, á cultura e deporte non supera o 2,6%, reducindo ademais un 9% as partidas destinadas á promoción económica, o cal parécenos lamentable. Desde aquí solicitamos un verdadeiro plan de

desenvolvemento turístico provincial, apostando por un produto turístico diferenciado e unha oferta de calidade que converta a provincia da Coruña como destino atractivo e competitivo de turismo de cidade, rural, cultural e internacional, buscando sinerxías coa Xunta, co Xacobeo, así como co Camiño de Santiago.

Ligado ao turismo está a cultura, os equipamentos culturais, son un conxunto de edificios que dispoñen de medios técnicos e de instrumentos necesarios para ofrecer á cidadanía servizos e actividades culturais, a súa calidade é importante para atraer aos seus usuarios, consideramos necesaria a mellora das condicións de equipamento e mellora das condicións técnicas dos locais das entidades co fin de abrir ofertas culturais a novos campos de cultura para facilitar o equilibrio territorial na distribución cultural e tratar de contribuír ao desenvolvemento cultural.

A proposta de orzamentos suspende en mobilidade, xa que minora case un 7% as partidas destinadas a tal fin, esqueceron que as estradas ou as vías son os camiños que unen a pobos e cidades, e permiten trasladarnos dun lugar a outro con facilidade. Neste sentido é habitual ver habitantes de moitas vilas pasear pola estrada deses municipios, a única posibilidade que teñen para poder facer un percorrido máis ou menos longo e por parte do Grupo do PP queremos contribuír a que poidan facelo con total seguridade. Por isto a institución provincial debe colaborar, aprobar e executar un verdadeiro plan provincial de camiños rurais, dirixido a todos os concellos da provincia e dedicar unha parte importante dos seus recursos para mellorar a seguridade viaria dos peóns en travesías nas estradas provinciais e locais paralelas ou que atravesan núcleos de poboación.

Ligado á mobilidade está a accesibilidade, non esquezan que un municipio accesible supón vantaxes para todas as persoas, subministrando maior calidade de vida para a poboación, en especial para as persoas con discapacidade e con mobilidade reducida. Desde este Grupo bótanse en falta nos orzamentos unha verdadeira aposta pola accesibilidade, porque faise necesario que esta institución coopere e axude a outras con menos recursos e capacidades, e dedique especial atención á supresión de barreiras ata conseguir que a accesibilidade sexa universal, polo tanto, dediquen máis recursos económicos para accesibilidade.

Desde aquí solicito unha nova iniciativa que se fai necesaria, sobre todo para municipios de menos de 50.000 habitantes, tamén seguindo cos principios de publicidade, obxectividade e concorrência, que é a adquisición de maquinaria de limpeza, dumpers, varredoiras, etc, co obxectivo de que os municipios máis pequenos que, pola súa capacidade económica necesitan máis este tipo de axudas, as vexan satisfeitas.

Quero entender que coa subida dese 8% o Servizo de Medio Ambiente dedicarán boa parte dos recursos á mellora das redes de abastecemento, saneamento e depuración de augas residuais, xa que a falta de investimento nestas infraestruturas é un problema que vén arrastrando por parte dos concellos, e unha demanda crecente desde hai tempo e que se agravou nos últimos anos. As consecuencias derivadas da falta de investimento e dunha xestión inadecuada das infraestruturas hidráulicas son graves, por iso desde o Grupo Popular demandamos que dedique unha parte dos recursos provinciais a atender estas necesidades que no actual orzamento non o fixeron. Por todo isto solicitamos, como xa o fixemos a través das vinte e catro emendas presentadas, a posta en marcha dun

programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes para mellorar as redes de saneamento e abastecemento.

Resulta curioso tamén que xa vostedes tanto defenderon o Plan único, reducen case un 8% a partida en relación a 2019, pero con respecto a 2017, 2018, 2019, un 40% sobre o orzamento inicial, e falan dunha boa planificación, pregúntome para quen, porque desde logo para os concellos da provincia non, calquera alcalde que estea aquí sábeo, ten que facer o seu orzamento e ten que saber con que diñeiro conta desde o día 1 de xaneiro, tamén é importante para os concellos contar cun orzamento o día 1 de xaneiro e, desde logo, se non saben con que cantidade de diñeiro contan, é imposible que fagan un orzamento realista e executable.

O máis inquietante e sorprendente, os máis de cinco millóns que destinan a encargo de estudos e traballos técnicos externos, para vostedes parece que isto é unha prioridade, redacción de proxectos que despois veñan a este Pleno con modificados chapuceiros e sen supervisar polos técnicos municipais. Por iso lles digo que en vez de dilapidar estes recursos, os utilicen para as iniciativas que formulamos e que redundan en beneficio dos concellos da provincia.

Sorpréndenos tamén que reduzan nun 83% partidas, servizos prestacionais, educativos e asistenciais desta Deputación, como son os centros asistenciais, como o Fogar Infantil Emilio Romay ou o Centro de Menores de Ferrol. Queremos deixar moi claro o noso compromiso coa política social planificada e coordinada coa Xunta de Galicia, rexeitamos este tipo de recortes en servizos tan esenciais, consideramos que é necesario garantir os piares básicos da sociedade de benestar, sostible, de calidade e unha educación que camiñe cara a excelencia. Para isto faise necesario promover mecanismos de coordinación entre administracións públicas xerando as sinerxías necesarias para atender da mellor maneira posible as necesidades dos cidadáns da nosa provincia. Chámanos a atención que a propaganda dedicámoslle grande esforzo, soben as partidas un 8,5%, o que contrasta co mínimo e lento gasto presupostado nas partidas de acción social, que non chega a subida ao 1%, tendo en conta que vostedes e os seus socios de goberno enarboran como bandeira e prioridade nas eleccións as políticas sociais, pero polo que se ve, cando gobernan é o Partido Popular as que ten que levar a cabo, vímolos en Andalucía gobernando o Partido Socialista ocultou a 34.000 andaluces das listas de espera e de atención á dependencia, pero hai máis de 109.000 pendentes de recibir a prestación.

Por todo isto o noso Grupo propón a creación dunha partida para mellora de infraestruturas no ámbito social dirixida aos concellos da provincia que redundará en beneficio dos veciños e veciñas e incrementará as dotacións destinadas ás necesarias entidades sen ánimo de lucro, dentro do ámbito social cuxo labor é necesario e contribúe a mellorar a calidade de vida das persoas que máis o necesitan.

Queremos poñer de manifesto os continuos atrasos na chegada das axudas aos clubs deportivos e outras entidades que acceden ás distintas convocatorias de subvencións, que se ven afectados pola burocracia e pola súa incapacidade de xestionar os recursos provinciais. Por tanto, non podemos falar de orzamentos, podemos falar de cantidades, pero se ao final non se executa en tempo e forma estamos ante un debate baleiro. Para o PP o orzamento debe ser outra cousa, debe ser realizable e crible, dar resposta ás necesidades dos concellos e veciños da nosa provincia, tarefa necesaria nos

investimentos que non hai. O que vostedes pretenden é xustificar todo o mandato co Plan único, polo tanto, desde hoxe solicitamos que se elabore un plan estratéxico de subvencións, dixémolo moitas veces co obxecto de evitar os continuos reparos formulados pola Intervención provincial e evitar o grao de discrecionalidade no reparto de fondos. Non debemos esquecer que o actual executivo provincial pode aplicar moitas das súas políticas grazas ao saneamento da Deputación que realizou o expresidente provincial, o Popular Diego Calvo. O actual goberno provincial está abocando á Deputación a converterse nun simple órgano administrativo, un órgano intermedio, e considero imprescindible que o organismo provincial teña acción política. Son unhas contas continuistas que non recollen a realidade nin a necesidade da provincia. Os orzamentos están incorrectamente dimensionados e reflicten unha mala xestión do goberno provincial, que non se traduce nunha mellora de servizos e calidade de vida dos veciños da provincia. Como exemplo, os numerosos modificativos para incrementar convocatorias de subvencións, que nacen deficitarias, e complementar os convenios nominativos, isto é simplemente unha mala planificación. Aproban ordenanzas que logo pretenden vulnerar, modificados de obras que rozan os límites do principio de legalidade, e non teñen un verdadeiro proxecto para os veciños da nosa provincia.

Polo tanto, este orzamento consideramos que é unha pantomima de palabras ocas e baleiras e pouca concreción que en nada beneficia aos cidadáns.

E non me vou estender máis porque imaxino que logo terei dereito a unha réplica. Grazas.

Sr. García Seoane

Eu creo que calquera organismo público, especialmente os concellos, Deputación, etc., teñen que dispoñer de orzamentos para regular a súa actividade e prestar os servizos aos cidadáns. Un concello, unha Deputación, sen orzamentos sabemos a que avoca, hai experiencias moi próximas que por intereses políticos, non por outros, non polos da cidadanía, boicótanse ás veces os orzamentos co grave prexuízo de que non se contratan cousas, hai un anaco eu escoitaba unha conversa aquí, sen querer, no medio, de que hai moitos contratos nunha administración que non se levaron adiante, non saen adiante porque se se bloquea a administración non se poden levar adiante contratos, sexa uns ou outros. Eu tiven claro pola miña experiencia política que teño na vida pública desde o inicio da democracia, xa antes militaba no Partido Comunista, e xa antes era militante do movemento social, que algúns despois quixeron acuñar cun cuño novo, eu xa fun o que creei asociacións de veciños na comarca da Coruña, no ano 76-77, por tanto non aparecín na política de casualidade, e xa digo, non se pode bloquear nin boicotear iso, porque ao final o que se dana son os cidadáns.

Os orzamentos, a min cando me chama Antonio Leira, coméntame que se van levar os orzamentos, eu díxenlle o que sempre manifesto, que hai partidas que se teñen que aumentar, que son aquelas que non son as das dádivas da Deputación a outros concellos ou a entidades, senón as propias, o propio, o que un ten que asumir como seu, entre outras cousas, as vías provinciais, que son terceiro mundistas, caóticas e miserentas, totalmente miserentas, que se cruzan dous coches e tropezan e non hai paso para os peóns na maior parte da rede de mil e pico quilómetros que ten a Deputación, non hai paso para os peóns, é dicir, non hai máis desgrazas porque a xente é moi intelixente e cando ve un coche tírase á cuneta, porque non lle queda outra solución, senón o

atropelan, entón aí insistirei, e díxenlle que cando me fala dos orzamentos, que non se poden subir, me explica as razóns, eu que son un político de casta, e digo político, de casta, bo, entendo a mensaxe, e digo, pois eu non me vou opoñer a que se aproben os orzamentos porque sei que ademais ao longo da lexislatura ten que haber, nos mesmos anos, en cada ano, hai modificacións de crédito, porque hai máis diñeiro, etc., e se fan novos programas con ese diñeiro que aparece. Por tanto, logo falarei del.

Por tanto, o meu voto naquel momento, dixen si, sen ningún compromiso, sen fotos, a min non me fan falta fotos para aprobar un orzamento, ningunha, o que pasa é que eu son moi sinxelo, moi corrente, e igual non sei vender ás veces o produto, porque ao mellor eu podería ter utilizado o tema do meu voto hoxe aquí para chantaxear ao Grupo Socialista con outras cousas noutros lugares onde lle daba unha presidencia e non a quixeron, en cambio podería chantaxear, porque se pode facer iso, pero eu non son chantaxista, eu non son verduleiro, eu non son un elemento indesexable na política que hai moitos, eu son unha persoa moi seria e, polo tanto, iso é o que me trouxo aquí no seu día, quixen estar na Deputación para velar polos intereses da comarca, permitíronmo os veciños da comarca e vou seguir nesa batalla.

O orzamento carga unhas competencias que non tiña que cargar con elas, falouse antes, na intervención de Antonio, os colexios, o colexio Calvo Sotelo leva dous millóns e medio case do orzamento desta Deputación, entre salarios, amaños, etc., etc., é indignante, porque educación non é un tema de competencia da Deputación provincial, e polo tanto, iso hai que facer xestións para que, dunha vez por todas, e non falalo cada ano, dunha vez por todas, iso se pase a quen o ten que ter, Xunta de Galicia, que son as competencias deles, non da Deputación, e se se suma Emilio Romy, outro e outro, e outro, ao mellor estaríamos falando de cinco millóns de euros que virían bárbaro para algunha das cousas que di o PP nas súas emendas, que logo falarei delas.

Hai partidas, entendo tamén, que no futuro deberían desaparecer, eu creo que hai partidas que están elevadas, para actividades en centros que non funcionan para nada, desde o meu punto de vista, que non vai ninguén a eles, e ao mellor tiñan que desaparecer, pero ben, no seu momento entenderon os que estaban gobernando, uns e outros, que era moi bonito acceder ao forno de non sei de quen, e ao outro de non sei canto, e ao final son unha lacra para os fondos da Deputación, é un gasto continuo, é unha morea de diñeiro que non ten sentido, a Deputación ten que velar polo patrimonio, indubidablemente, pero os concellos teñen que moverse tamén nese aspecto, eu teño un montón de patrimonio no Concello de Oleiros que o paga o Concello de Oleiros, que o sustenta o Concello de Oleiros, castelo, igrexas, pazos, e a nai que me pariu. Polo tanto, eu sei o que é iso, manter o patrimonio porque ademais son un amante do patrimonio, da historia, porque a historia hai que conservala, para ben ou para mal, pero hai que conservala.

Son moi escasos, e quero incidir aquí Antonio, como responsable da área, a min váleme o que digas hoxe aquí no Pleno, pero debes dicilo, e senón o presidente, que temos que meter máis cartos nas estradas provinciais, que cando se fagan modificacións de crédito hai que meter máis cartos nas estradas provinciais, porque é a gran materia, é a gran materia que ten pendente esta Deputación. Porque logo se falan, e xa paso coas emendas do Partido Popular, eu si me lin, eu leo os papeis todos, xa pedín o libro gordo de Petete, porque eu como non ando nos ordenadores pedín o libro gordo de Petete e

tamén me pasaron por escrito, en vez de por ordenador, as alegacións do Partido Popular e estívenas mirando, e hai algunha que ao mellor estaría de acordo con ela, pero como con outras non estou, xa falarei ao final o que creo que vou facer.

Plan de estradas, é algo que estiveron gobernando e non melloraron, e se o melloraron, mellorárono para aqueles que quixeron eles, pero non para o conxunto da cidadanía, non para o conxunto dos concellos de Galicia. Veñen lindezas como varredeiras, para quen?, imos contratar agora o servizo de limpeza de rúas con traballadores para limpeza viaria?, iso é unha competencia indubidablemente dos concellos, e logo nós temos un Plan que hai que mellorar, un Plan de limpeza de silvas ao lado das estradas, que non se lle pode permitir ás empresas que pasen coa máquina a *toda leche* e que vaian sementando de plumachos toda Galicia, e que teñen que recoller o que curtan, porque están levando eses cartos de *mojílís-mójílís*, se contratan por cen levan cincuenta gratis porque o resto, desde o meu punto de vista, non se fai, xa o denunciei moitas veces, polo tanto ese plan de limpeza de estradas xa o hai e faltara máis que contratáramos unha brigada de varrendeiros para as mil duascenas estradas que ten a Deputación provincial. Polo tanto, isto parécese máis a un programa electoral que a outra cousa.

Plan de seguridade viaria, é máis do mesmo, se non se melloran as estradas non hai Plan de seguridade viaria, e as travesías nas vilas, as travesías hai que atender as prioritarias, non é igual unha estrada que vaia de sete quilómetros dun punto ao outro polos montes, por poñer un exemplo, sen menosprezo ningún, na Capela, ou por aí, que unha estrada metida no medio dunha poboación aquí na comarca, ou en calquera outro sitio da comarca, que una núcleos de poboación de dous mil, tres mil, mil habitantes, ou quíntos, non é igual, que pasan todos os días por esa estrada e se xogan a vida todos os días nesa estrada, tanto uns coma outros, tamén os automobilistas. Polo tanto, un plan viario si habería que facer, pero un Plan de travesías de verdade tamén ligado a iso. Pero tamén dalgún modo está tamén falado nos orzamentos, escaso. Por iso, digo.

Centros de Día, ben, isto xa é un cachondeo, os centros de día temos que facer a Xunta de Galicia, que é competencia da Xunta de Galicia, ata aí podíamos chegar, entón pechamos o Parlamento de Galicia, pechamos a Xunta de Galicia e non fai falta facer eleccións aquí, se agora asumimos todo o que ten que facer a Xunta de Galicia. Por exemplo, en Oleiros hai un centro de día que se fixo hai dez anos coas portas pechadas, con dous funcionarios dentro, mangándoa, cobrando o soldo, sen xustificación de ningún tipo, con fondos FEDER, que é unha ilegalidade manifesta total, gastaron os cartos en facer un centro de día, que é a Casa do Mar de Mera, na planta alta, pechada, e que non se lle entrega nin ao concello para facer actividade social dentro dela, como se atreven a dicir semellantes burradas?, centros de día, asuman as súas competencias e fagan o que teñen que facer.

Centros sociais e deportivos, isto cada concello, e isto lígooo a outros temas, cada concello hai un plan na Deputación, dous, o PIEL e o POS, cada concello que asuma as súas competencias, que as teñen, e se queren ter centros sociais para os veciños teñen que crear os concellos cos fondos que lles dá a Deputación e, por certo, con ningún fondo que dá a Xunta de Galicia para iso, a Xunta de Galicia ten área de deportes, pero eu non sei quen leva os cartos, eu propóñoille ademais ao Goberno provincial que fagan como fai a Xunta de Galicia cando saca, mencionaba agora que sacamos as subvencións e a Xunta tamén as saca, e di, con informe negativo e danse as subvencións, e eu digo, fagamos

unhas bases como fai a Xunta, fai unha bases, saca o anuncio e os que primeiro cheguen levan a tallada, como os que primeiro chegan xa sabemos quen van ser, os demais quedan co cu ao aire, pois fagamos nós un Plan aquí e os que esteamos de acordo, esteamos todos avisados, e os que cheguen tarde que se j...., iso é o tema, pero iso é o que está pasando nas subvencións que dá a Xunta de Galicia, a min non me cae unha, e teño 40.000 habitantes no Concello, son o sétimo concellos da provincia da Coruña e non me cae unha. Por tanto, fagamos, e así non incumprimos a lei, non ten o Sr. interventor que facer informes de reparo e se saca ese acordo, e o que primeiro chegue, abren o prazo as 9 da mañá e as 12 do mediodía o que chega xa chegou tarde, porque eu preséntome, porque teño preparados proxectos, pero sempre chego tarde, e descualifícanme porque cheguei tarde, é tremendo.

O que dicía, din "melloras no Calvo Sotelo", é unha contradición porque despois cando falan das baixas incluso falan de baixar cartos do Calvo Sotelo, a ver, melloras ou non melloras, pero dous millóns e medio leva Calvo Sotelo entre pitos e frautas, dous millóns e medio, que mais melloras?, que pague a Xunta o que ten que pagar.

O tema bonito, eu estou cansado de ouvir no meu concello aos representantes do Partido Popular continuamente difamándome, como estes días que a fortuna de Franco e a miña son parecidas, verdadeiros sen vergoñas, *zascandiles*, impresentables, panda de borregos nun Partido que roubou ao país, borregos nun Partido que é que é tremendo, non a totalidade, se se dá por aludida, señora, é o seu problema, hai un montón de ladróns no Partido Popular, hainos, non me chame a atención porque é unha realidade. Eu non estou chamándolle ladrón aquí a ninguén, e todos sabemos quen son, polo tanto, o que se pica allos come.

Sr. Presidente

Imos levar a cousa ben.

Sr. García Seoane

Eu digo o que di o Partido Popular estes días, a fortuna do alcalde de Oleiros é igual que a fortuna de Franco. Eu son deputado e alcalde, polo tanto, están aludindo á persoa de deputado e alcalde, perfectos sen vergoñas cando din iso, pero ben, imos seguir, para non deixar.... xa me cortou a rosario.

Sr. Presidente

Tratábase diso, de cortarche.

Sr. García Seoane

Son tácticas que ás veces funcionan, pero eu rebobino rápido, o que dicía, o tema estrela, Sr. Presidente, saque vostede todo o diñeiro que ten para propaganda, manda truco!, abran os medios de comunicación cada día e verán que hai tres anuncios como mínimo cada día, antes era un cada mes ou cada quince días, agora, claro, dirá algún, isto os partidos políticos non o facedes, eu si o digo, a min impórtame un *bledo*, porque a min a prensa nunca me tratou ben, pero vós calades cando vedes cousas que non son como

teñen que ser, estanse gastando un diñeiral, un diñeiral, a min xa me gustaría saber canto é ao final, en anuncios porque se dixeramos, a Xunta de Galicia ou a Deputación anuncia algo, e anuncia, "mire veciños, tal día córtase a estrada", "oian veciños, imos facer non sei que social para non sei cando", ben, pero dicir qué bonita é Galicia, que encantador é o mar, como chove, pero estamos de xolda ou que pasa?, estamos de xolda?, e que veñan falar aquí de publicidade, como veñen a Oleiros, que non lle gustan os paneis informativos do Concello de Oleiros, ou as cores que poño, e as cores que ten por certo a Deputación, Sr. Presidente, a ver cando lle cambia a cor aos carteis de obra, os carteis de obra teñen as cores azuis do Partido Popular, cámbiellle rápido a cor, porque entón e que é a h... Pero tamén eses anuncios tamén veñen coa cor azul, nada máis que lles faltaba poñer a gaivota, pero como a gaivota agora non funciona, non a poñen, pero a cor é a mesma, polo tanto, que se veña falar de publicidade aquí cando se gastan millóns e millóns e millóns de diñeiro en publicidade, manda truco!, manda a h....!, como di o outro.

E o máis lamentable, di baixas, de onde saca o diñeiro para financiar estas cousas que din, din de onde sacan o diñeiro? Fomento da fala galega, se se levanta Fraga levan unha h...., se se levanta Fraga, que hai que recoñecerlle a Fraga que Fraga defendeu a fala galega, á marxe da súa política, Fraga foi un defensor, se hoxe se fala máis galego en Galicia, no sentido, non que se fale máis, desgrazadamente cada vez fálase menos, pero se se fala galego e está o idioma galego aí posto, este home tivo algo que ver. E que digan aquí, que se eliminen todas as partidas que hai para fala galega, manda truco!, váianse para Andalucía.

Logo, máis equipamentos culturais, unha contradición cando están dicindo que hai que eliminar partidas, máis acción social, contradinse, e logo din e eliminación da partida de música, teatro, de algo que nos municipios de Galicia lamentablemente, eu cando andaba na música, de músico, sigo sendo músico, ía polas aldeas e sentía un orgullo tremendo e unha envexa tremenda daquelas aldeas que ía, municipios do interior, no Pino, ou outros por aí que había, e que tiñan bandas de música, ou xente da aldea, que as mans case non lle funcionaban os dedos, tocando o clarinete, tocando a frauta, unha marabilla, mantiñan a cultura nas súas aldeas, mantiñan a cultura nas súas aldeas nunha etapa tremenda de España, e agora que se veña dicindo que non financiemos a música, ese tipo de música, que poidan as bandas de música seguir vivindo, o teatro, etc., etc., paréceme lamentable, pero ben, paréceme lamentable, non é nada lamentable cando se fan unhas proposicións desta maneira.

Por tanto, habería algún tema, estradas, tal, pero como xa está recollido, eu estas emendas indubidablemente non as vou admitir, e xa anuncie que o meu voto era favorable, por tanto son quince e un, dezaseis, que son a maioría, e por tanto saben que teñen aprobado o orzamento.

Sr. Presidente

Moitas grazas por ese apoio.

Sr. Lema Suárez

Bo día presidente, antes que nada un par de cuestións de orde, unha que se aprobou nunha sesión anterior do Pleno que se convocarían Xuntas de Portavoces antes dos

Plenos, eu considero que iso inclúe tamén os Plenos extraordinarios e, polo tanto, por favor, atenda os compromisos subscritos nesa cámara e convoque esa Xunta de Portavoces antes de cada sesión, sexa ordinaria ou extraordinaria. Tamén entendo que por unha cuestión de formas sería conveniente que tiveramos coñecemento desta proposta do orzamento inicial antes os que temos a responsabilidade de aprobala en Pleno que os membros do Parlamento de Galicia que, desde logo, non van ser quen finalmente os aprobe.

Dicir tamén que nós estamos a disposición de quen o solicite para sacar as fotos que sexa preciso de xeito gratuíto, dicir tamén que onte, onte pola tarde, dediqueina ou tiña intención de dedicar a miña tarde á lectura das emendas presentadas polo primeiro Grupo de oposición, pensando que sería unha tarde de proveito, que podería pasar toda a tarde analizando un documento que entendía que ía ser complexo e rico, como lle corresponde ao principal Grupo da oposición e que, finalmente, estas emendas se reducen basicamente a aquilo que está xa incluído nos plans únicos desagregado en partidas de subvencións finalistas que é, desde logo, un criterio que non compartimos por motivos que xa se expuxeron en Plenos anteriores, que teñen que ver co respecto á autonomía local, tampouco compartimos, por certo, que se siga asumindo para esta entidade competencias que non lle son propias, que son competencias da Xunta de Galicia, como a de educación, que xa se comentou antes, e finalmente o único punto que si compartiamos era o aumento en vías e obras que entendo que será corrixido en futuros modificativos de créditos que se aproben tamén neste Pleno.

No informe do interventor sobre a liquidación do orzamento do ano 2018 infórmasenos dun aforro bruto de case noventa millóns de euros nese exercicio, é dicir, un 48% do orzamento inicial deste ano, un orzamento inicial que malia a este importe, a este importante aforro derivado da inexecución acumulada en exercicios anteriores, recórtase o gasto en capítulos clave como o de Investimentos reais e Transferencias de capital para o ano 2020. Así no capítulo VI de Investimentos reais, o orzamento para o ano 2020 ascende a 16,7 millóns de euros, fronte aos 18,7 millóns do presente ano, o que supón unha diminución de dous millóns de euros, é dicir, un 10,77% menos. Pola súa parte, as transferencias de capital contempladas no capítulo VII do orzamento para o ano 2020 ascenden a menos de sete millóns de euros, o que supón unha minoración de 4,5 millóns de euros, é dicir, case un 40% menos con respecto ao orzamento inicial do exercicio 2019.

Chama particularmente a atención a diminución no Plan de obras e servizos, que pasa de 26,5 millóns de euros, a 18,5 millóns de euros, un 30% menos, así como o recorte de máis dun 90% en seguridade viaria, nun momento no que as estradas da provincia comezan a mostrar un estado crítico segundo as informacións que nos remiten desde os propios concellos. En total nos capítulos VI, VII e VIII dos orzamentos de 2020 pasamos de setenta a sesenta e dous millóns e medio de euros, reducíndose en máis de sete millóns e medio de euros sobre o orzamento inicial 2019, é dicir, un 11% menos.

Sei que despois se nos dirá por parte do Goberno que estas cifras foron compensadas no orzamento final do presente exercicio cos sucesivos expedientes de modificación de crédito, pero no que atinxe ao orzamento inicial, que é o que aprobamos e que debemos analizar hoxe, os datos son os que son, e amosan un preocupante descenso no investimento público nun contexto de crise económica. Máis adiante falaremos sobre as

causas deste desinvestimento, non todas elas imputables, como sabemos, á responsabilidade do actual equipo de goberno, é certo, pero outras si, as derivadas da baixa execución orzamentaria. Non faremos demagogia neste asunto, como a que si nos tocou padecer a nós durante catro anos en María Pita, pero esa é outra cuestión.

No que atinxe as partidas que si medran, vemos que estas se limitan ao gasto de persoal, un 11% superior ao do ano pasado, e a de Presidencia que aumenta máis dun 40%, de xeito conveniente en ano electoral.

En definitiva, nun contexto de crise económica, no que debiera aumentar o gasto público e o esforzo en investimento das distintas administracións, contemplamos pola contra que no caso da Deputación, este diminúe de xeito ostensible. Estamos seguros de que este feito probablemente non é do gusto nin da vontade do actual equipo de goberno da Deputación da Coruña, pero si é responsabilidade súa entre outras cuestións pola baixa execución orzamentaria acumulada nos últimos exercicios. Non son responsabilidade súa a falta de orzamentos do Estado nos últimos anos, ademais das inxustas restricións impostas nas facendas locais pola Lei Montoro, derivada, por certo, da modificación exprés da Constitución española pactada no ano 2005 polo Partido Popular de Rajoy e o Goberno Socialista, naquela altura de Zapatero. Unha modificación, a do artigo 135 da Constitución que impuxo a doutrina da austeridade económica de xeito lineal e inxusto sobre o nivel das administracións públicas menos endebedado, que é o local, impedindo deste xeito que unha entidade saneada, como é a Deputación da Coruña, poida poñer a disposición da cidadanía da provincia, nun contexto de crise económica todos os seus recursos financeiros, como consecuencia da regra de gasto derivada da baixa execución orzamentaria. É urxente, mentres non muden as restricións legais superiores, mellorar de xeito urxente, como comentamos, a execución do orzamento, con todas as garantías de seguridade xurídica necesarias, para contribuír deste xeito á xeración de actividade económica e de emprego en tempos de crise. A partir da crítica anteriormente exposta o lóxico sería non darlle o noso apoio a estes orzamentos polas razóns descritas, polo seu aumento en gasto improdutivo e descenso nos capítulos de gasto produtivo, pola súa elevada e sucesiva inexecución do orzamento que supón un claro entorpecemento do funcionamento normal desta institución, obrigada así a executar a meirande parte do seu orzamento final vía incorporación de remanentes e de superávit e sucesivos expedientes de modificación de créditos como o que vimos de aprobar anteriormente.

O lóxico despois das sinaladas críticas sería non aprobalo, pero seguramente non o xusto, non o que merecen os veciños e veciñas da provincia da Coruña, por moito que este ano os veciños da Coruña, da cidade da Coruña, teñan padecido a actuación irresponsable, partidista e oportunista do Partido que forma parte maioritaria do Goberno desta institución. Unha actuación que privou aos veciños e veciñas da Coruña de máis de 30 millóns de euros en investimento este ano, case un 16% do orzamento inicial desta institución que hoxe imos aprobar. Os representantes do PSOE provincial pedíronnos que actuásemos con responsabilidade, unha responsabilidade da que, desde logo, eles non foron exemplo este ano no Concello da Coruña.

Dito o anterior, queremos contrastar este orzamento inicial coas melloras que nós propoñemos, e así acordamos co Partido Socialista, a quen lle agradecemos a Antonio Leira toda a súa vontade de diálogo ao longo deste tempo, as melloras que acordamos co Partido Socialista de cara a comprometer o noso apoio a este documento, que serán

levados á práctica nos primeiros modificativos de crédito do ano que vén. Como dixemos, consideramos insuficientes os investimentos reais, así como as transferencias de capital, e as nosas propostas van encamiñadas precisamente a aumentar o gasto en vías e obras e transferencias aos concellos a través do Plan único nun 20%, un sistema de asignación de fondos a concellos que consideramos xusto, pois está baseado en baremos obxectivos e no principio de respecto a autonomía local, cuestión que non se conserva no caso das subvencións finalistas, como xa se debateu noutras ocasións neste mesmo Pleno.

Estamos particularmente preocupados polo estado das estradas provinciais coruñesas, nas nosas entrevistas con concellos e alcaldías de toda a provincia, recibimos unha crítica constante, o investimento é insuficiente e pon en risco a seguridade viaria en distintos lugares da nosa provincia, pero ademais no referido ás vías queremos introducir un asunto que entendemos que debera ocupar certa centralidade neste mandato e no ano que entra, a súa titularidade. Os concellos teñen vías de ata catro propiedades distintas, propias, do Ministerio de Fomento, da Xunta de Galicia e da Deputación, isto xera unhas dificultades enormes á hora de realizar mantemento, reordenacións e outro tipo de actuacións vinculadas coa conservación das vías, polo que cremos que ademais do aumento comprometido nesta partida económica o Goberno provincial debería instaurar tamén unha mesa de diálogo cos concellos para estudar as permutas, cesións, ou adquisicións necesarias daquelas vías que están xerando problemas, coa intención de aprobar un Plan director de vías provinciais ao longo deste ano, do ano que vén, perdón, que racionalice a súa propiedade e priorice os investimentos precisos, atendendo a criterios obxectivos.

Facemos tamén propostas en temas relativos á promoción económica e de turismo na nosa provincia, consideramos esencial dar a coñecer a economía social entre a nosa mocidade, como un xeito alternativo de entender a actividade económica, baseado nos principios de democracia na xestión e do reparto equitativo dos beneficios.

Consideramos tamén imprescindible mellorar a infraestrutura e a sinalética do camiño dos faros, que debe de estender o seu percorrido deica conectar o faro de Fisterra coa Torre de Hércules, o único faro romano en funcionamento, resolvendo así a anomalía da súa actual exclusión desta ruta.

O Camiño Inglés merece tamén unha atención particular nas nosas propostas ao se tratar da única vía xacobeá que transcorre enteira e unicamente por unha provincia. A Deputación da Coruña debe atender especialmente a promoción do noso Camiño nas vésperas do Xacobeo 2021, e debe facelo nos países emisores de turistas, nunca en destino, é dicir, aquí, organizando eventos de promoción turística que non teñen máis finalidade ca publicitaria.

Ás veces, señores membros do Goberno da Deputación, o traballo efectivo e eficaz require discreción, esforzo a longo prazo e investimento en cuestións que non reportan rendibilidade electoral ningunha a curto prazo, pero si contribúen no desenvolvemento económico do país. Por último, no relativo ás nosas propostas, propoñemos tamén a apertura de catro liñas de investigación respecto de cuestións que consideramos críticas para o futuro da nosa provincia, a afectación do cambio climático sobre o nivel do mar, a mellora da mobilidade e comunicación provinciais, a conservación da memoria do patrimonio inmaterial, así como unha liña específica sobre transición enerxética e cambio

climático.

Entendemos esta última proposta particularmente necesaria pola situación que estamos sufrindo, porque é unha necesidade social e, se me permiten, unha necesidade tamén política. Observando os datos concello a concello das últimas eleccións do pasado 10 de novembro, vemos como aquelas comarcas que máis están sufrindo un proceso de desindustrialización orientaron o seu voto preferentemente a opcións de dereita, pode que esteamos perdendo a batalla política por unha transición enerxética xusta e sustentable desde o punto de vista ambiental e tamén social, ante aqueles que lles din á xente o que queren escoitar pero que non é responsable nin viable a medio prazo.

Tendo en conta estes datos, o que nós propoñemos é explorar alternativas socialmente xustas e ambientalmente responsables ao discurso irresponsable e hipócrita da dereita neste asunto.

O apunte final que queremos dar é tamén unha cuestión política, as razóns polas que nós damos o noso voto a este Goberno, tanto neste debate orzamentario, que imos outorgarlle a continuación o noso voto favorable, como na súa investidura, cremos que son claras as nosas razóns. É preciso que a dereita non estea nas institucións porque cremos que con eles ademais de políticas neoliberais veñen tempos escuros para a democracia, cremos que o PSOE debera estar de acordo con esta premisa, que os militantes e votantes do PSOE, sen dúbida, estarán de acordo con esta premisa, por iso non entendemos a posibilidade coa que a dirección do PSOE provincial aquí presente está actuando respecto da situación que se está a producir en Mugardos, na que os seus compañeiros do PSOE e do Partido Popular están pactando unha moción de censura contra a actual alcaldesa de esquerdas. Semella que todas as esixencias de lealdade que formula o Partido Socialista sobre os seus socios, cando estes ocupan a posición maioritaria nos Gobernos de coalición, caen no esquecemento, caen, son eles os que ocupan a posición minoritaria, hai que saber estar en coalición en ambos casos e é imprescindible que o PSOE transmita á sociedade esta mensaxe de unidade.

Pois señores do Partido Socialista, de verdade os problemas de Mugardos son de tal magnitude como para colocar á dereita na alcaldía dunha das comarcas máis progresistas do noso país? Non o entendemos e gustaríanos escoitar unha resposta clara por parte dos seus voceiros aquí presentes. Nese sentido, imos informar de casos que poden comprobar na hemeroteca. Durante o mandato pasado houbo varias mocións de censura na nosa provincia, unha do PP e o PSOE contra o BNG en Boimorto, sobre a que gardaron silencio; unha do Partido Popular e afíns a Luis Villares en Fene contra o BNG, tamén gardaron silencio porque entendemos que non tiñan opción de gobernar; unha do Partido Popular e tránsfugas do PSOE en Coristanco, aquí non gardaron silencio porque eran vostedes quen perdían a alcaldía, e outra, que máis que unha moción de censura foi un verdadeiro golpe de Estado en Miño, na que un só concelleiro de Compromiso por Galicia pactou co Partido Popular para ser alcalde e deixalos a vostedes fóra, aquí novamente non gardaron silencio porque eran vontades quen perdía a alcaldía. Por favor, non repitan estes erros no caso que nos ocupa, que estamos falando agora mesmo, que estamos expoñendo, que é o caso de Mugardos. O que está en xogo é ser fieis ao mandato saído das urnas, non calen en función dos intereses, como representantes dos 93 concellos da provincia, velen pola súa saúde democrática. Graciñas.

Sr. Requeira Varela

Bo día a todos e a todas. Primeiro quero empezar por agradecerlle aos servizos e ao persoal dos servizos de Economía e Facenda, e ao deputado, por ser capaces de traer a estas alturas o orzamento ao Pleno, tamén lle quero agradecer o voto favorable ao orzamento, aínda que por diferentes razóns, tanto a Alternativa dos Veciños como a Marea Atlántica, e como non, tamén lle quero agradecer ao Partido Popular que por primeira vez na historia da Deputación, e é así, se presente un documento de emendas ao orzamento, que eu vou facer unha intervención criticándoo pero está ben que se faga ese traballo. Pero eu estou bastante sorprendido porque algún que fomos cociñeiro antes que frade, temos memoria, e eu recordo perfectamente cando aos deputados e deputadas do Bloque Nacionalista Galego que participaban na Comisión de Economía e Facenda se lles daba este documento á entrada da Comisión, e nalgunha ocasión ténsenos dado unha emenda ao propio orzamento á entrada do Pleno de orzamentos, por parte do equipo do presidente naquel momento do Partido Popular, Diego Calvo, e agora críticase que se lle entregue os orzamentos a 31 de outubro, que creo que se nos entregaron aos portavoces, para unha Comisión que se celebrou o 12 de novembro, fíxese vostede se avanzamos en calidade e en transparencia á hora de discutir o documento de orzamentos, pero tamén estou sorprendido de que na intervención, así a nivel xeral, da portavoz do Partido Popular se falara da preocupación da comunicación e do investimento no medio rural porque é a vía que temos de comunicarnos pola provincia e que facía falta un investimento máis forte. Eu recordo aquí perfectamente cando o Partido Popular decidiu inventarse un plan novo, que era o DTC, e cambiar os criterios en base á poboación é restarlle investimentos a 83 concellos da provincia da Coruña, ou 87, non recordo ben se eran 83 ou 87, para que as cidades tiveran un investimento moi superior ao que reciben polo POS, no caso da cidade da Coruña infinitamente superior, pasando de cento e pico mil euros a un millón e pico de euros. Naquel momento este portavoz na Deputación do BNG recriminoulle ao presidente, ao equipo de goberno do Partido Popular, ese cambio de criterio no reparto de fondos, e pódese consultar nas actas das sesións da Deputación da Coruña a resposta que se me deu naquel momento, que foi "non estamos aquí para subvencionar ferrados de monte e si para subvencionar outras cousas". Ese era o criterio de desenvolvemento rural que tiña o Partido Popular na Deputación.

Pero gustaríame ir xa ao que é o documento de orzamentos deste ano e tamén ao que propón o Partido Popular, porque o Partido Popular comeza dicindo no seu documento de emendas que as vinte e catro emendas son para paliar, ou queren paliar un proxecto presupostario insuficiente, e os problemas que este Goberno bipartito, fíxese se é grave, os problemas que este Goberno bipartito xerou na provincia entre o mandato pasado e o que levamos deste. Esta acusación primeiro é falsa, é facilmente refutable, eu vou explicalo poñendo dous exercicios orzamentarios, dous anos do Partido Popular e dous anos do bipartito Bloque Nacionalista Galego-PSOE. Fíxese vostede se é falsa e se os problemas son estes, benditos problemas, que no 2013 e 2014, Goberno do Partido Popular, transfírenselle aos concellos da provincia, por criterios obxectivos a través de plans, rede cultural, subvencións de concorrência competitiva, etc., etc., transfírenselle neses dous anos 103 millóns de euros, e danse 30 millóns de euros en nominativas neses dous anos que vostede falaba de discrecionalidade. Nos exercicios 2017 e 2018, co Goberno bipartito ese que tanto dano lle está xerando á provincia e aos seus cidadáns, transfírense 228 millóns de euros, e só se conceden 12 millóns en nominativas. Polo tanto, faga vostede a diferenza, 228 millóns, 103 millóns, 30 millóns de nominativas co PP,

11 millóns co goberno bipartito, fíxese vostede onde está ese dano e ese gran problema que se lle está causando á provincia, aos concellos e aos seus cidadáns e mire onde está a discrecionalidade neses dous anos e nestes dous anos.

Pero hai que falar de máis cousas, porque vostedes propoñen un montón de cambios de partidas. Eu creo que cando falan vostedes de investimento social non se dan conta de onde sacan as partidas, eu creo que a lectura do orzamento ou non a fixeron ben, ou é preocupante. Nós imos rexeitar, fíxese vostede, non temos ningunha dúbida de que vostedes cando propoñen incrementar partidas podemos estar de acordo, o problema é que os cartos son os que son, e o problema grande está de onde queren vostedes sacar para poñer noutro lado, fíxese.

Antes falabamos dos criterios de reparto, máis de douscentos millóns distribuídos con criterios obxectivos, transparentes, e que todo o mundo coñece, xa me gustaría a min, que vostede tamén aludiu á Xunta, que a Xunta fixera o mesmo, porque algún concello, e eu dígollo polo meu, non nos tocan nin as fungallas, e eu tamén non son un concello pequeno, Gelo falaba de que o seu era o sétimo, eu creo que o noso é o octavo, pois tampouco me tocan as fungallas.

Pero falan vostedes de propaganda, é curioso que o Partido Popular fale de propaganda e o faga con esa dobre intención de propaganda pura e dura, porque o que fai esta administración sobre todo é comunicar os programas, os plans, as diferentes cuestións que se financian a través da Deputación, pero é que o Partido Popular que cada venres, cada venres de todas as semanas de cada mes ten un montón de persoal da Televisión de Galicia dicindo que se manipula, que se utiliza a televisión como medio propagandístico, que cada minuto e medio, e iso está testado polas persoas que teñen representación nos órganos da Televisión de Galicia, que cada minuto e medio sae un conselleiro, unha conselleira, no medio de comunicación público, vostedes que falen de propaganda, xa ten tela. Que nos últimos anos subvencionaron incluso aos medios privados con máis de 21 millóns de euros, é curioso que o Partido Popular fale de propaganda. Eu supoño que entenderán vostedes que esta administración, como a todas, como a calquera concello ou calquera outra administración, teña que comunicar o que fai, e teña que anunciar tamén o que fai, porque unha cousa que non se anuncia, que non se comunica, non existe, por moito que exista no papel e na vida diaria administrativa, hai que comunicarlle aos cidadáns.

Tamén falan vostedes de continuísmo nos orzamentos, evidentemente, eu teño que darlle a razón, son uns orzamentos continuistas, non nos queda máis remedio que ser continuistas porque temos unha lei que os constrinxen e que, efectivamente, non deixa expandir os orzamentos como a nós nos gustaría. Pero tamén lle quero recordar, vostedes que critican o continuísmo, quérolle recordar que a última vez que no Congreso dos Deputados se debateu algunha proposta para modificar a Lei de estabilidade orzamentaria, o Grupo Popular votou en contra, iso é o que podería deixar que se expandiran os orzamentos das administracións locais e desta administración tamén, cando chega ao Congreso, que é onde realmente se pode mudar, o Partido Popular vota en contra.

E mire, é certo que empezamos cuns plans, co orzamento que se lle pode meter aos plans nestes momentos, por unha cuestión técnica e por unha cuestión legal, pero é certo

que o Plan único, por exemplo, cada vez que empeza con menos diñeiro acaba sendo o Plan máis grande da historia, polo tanto, eu teño unhas grandes esperanzas, e teño tamén a convicción de que no ano 2020 imos estar falando dun Plan único dotado con máis diñeiro que nunca. Coidado, que cando se sacou o Plan único por primeira vez xa se dixo que era un Plan que ía responder á realidade orzamentaria de cada exercicio. O Plan único está claro que non vai medrar toda a vida, pero eu estou seguro que para o ano que vén, en 2020, o Plan único vai medrar con respecto ao 2019, que xa foi o Plan máis grande da historia.

E vostedes falan, falaba o portavoz tamén de Marea Atlántica, de plans finalistas, e falan vostedes, fíxese, dun Plan de abastecemento de auga. O primeiro plan que derrogou, que se quitou de en medio o Partido Popular cando gobernou a Deputación era un Plan que era sobre abastecementos de auga e sobre o ciclo da auga, era o Plan PCC que deixara o bipartito anterior en vigor para os concellos de menos de 20.000 habitantes, a vostedes que lles preocupa tanto o abastecemento de auga, o primeiro que fixeron foi quitarse do medio ese Plan, pero fíxese vostede, co Plan único estanse subvencionando máis de 11 millóns de euros en abastecementos de auga e en proxectos de concellos, xa estamos financiando abastecemento de auga co Plan único, porque os concellos márcanse as súas prioridades. Pero falan tamén vostedes de centros sociais, de instalacións culturais e deportivas, todo iso xa o estamos subvencionando co Plan único, que non é un instrumento finalista, e que non fai que os concellos teñan que ir ás subvencións finalistas que ao final lacran os seus orzamentos. Entre o 2017 e o 2019 os concellos solicitaron 64 obras de abastecemento de augas, cun importe total de máis de 9 millóns e medio de euros, 139 obras de saneamento, cun importe total de 16 millóns e medio, 69 actuacións en instalacións deportivas, cun orzamento de máis de 9 millóns de euros, e 16 proxectos de instalacións culturais cun importe de máis de 4 millóns de euros, ademais de 18 actuacións para centros sociais con máis de 1.800.000 euros. Polo tanto, o Plan único é un instrumento que xa está dándolle saída ás necesidades que teñen os concellos, sen aumentar a burocracia e sen articular subvencións de carácter finalista que foron bastante prexudiciais para a economía dos concellos.

Xa poden ver que, dalgunha maneira, este goberno xa está cumprindo con esas expectativas neses campos, pero o que xa nos deixa realmente perplexos, Sra. Gallego, é que cando vostedes falan de competencias claramente impropias, e de recursos sobre todo educativos, competencia exclusiva da Xunta de Galicia, vostede aínda pon, as maiores contías das emendas van para esas competencias impropias.

Fíxese vostede, comentábamo antes deste Pleno un funcionario desta casa. No ano 2012 o presidente desta administración pública traía a Pleno a posibilidade, a posibilidade non, a intencionalidade do Goberno de abrir unha mesa de negociación coa Xunta de Galicia para transferir as competencias impropias, entre elas, a titularidade dos colexios, pero tamén se falaba de estradas provinciais que están, como moi ben dicía o portavoz de Marea Atlántica, divididas entre tres administracións. Todo iso, don Diego Calvo Pouso pretendía facer unha mesa de negociación coa Xunta para facer esa transferencia, vostede agora en cambio está pedindo que quede na Deputación. E, naquel momento, eu que era portavoz do BNG aplaudía, aplaudía esa intencionalidade política porque, evidentemente, cada administración ten que aguantar do que lle toca, a Xunta de Galicia ten case 11.000 millóns de euros de orzamento e nós temos 184 millóns. Pero fíxese, vostede fala de dotar máis recursos ao IES Calvo Sotelo, ao IES Puga Ramón, ao Fogar

Infantil Emilio Romay e ao Centro de menores de Ferrol. Eu supoño que, non sei se é por torpeza política e por descoñecemento, non sei se sabe vostede o que estamos achegando nós xa desde a Deputación e o que está achegando a administración que ten a competencia.

Imos ver, por ir aos datos concretos, no IES Calvo Sotelo a Deputación da Coruña está poñendo 3.223.197 euros, e a Xunta de Galicia, administración competencia exclusiva en materia de educación, 106.000 euros. No IES Puga Ramón a Deputación está poñendo 3.780.271 euros, a Xunta de Galicia 491.000. No Fogar Infantil Emilio Romay estamos poñendo 3.338.851 euros, a Xunta de Galicia 236.908. No Centro de menores de Ferrol, 1.703.775 euros da Deputación e 0 euros da Xunta de Galicia. Con todos os respectos, eu creo que estas emendas son para presentalas no Parlamento de Galicia como emendas aos orzamentos da Xunta de Galicia, e dígollo en serio, equivocáronse vostedes de Pleno, dígollo con todos os respectos pero equivocáronse vostedes de Pleno.

Acábanse de aprobar tamén os orzamentos da Xunta de Galicia, polo tanto témolos frescos, vostede tamén falaba de cultura, un de cada tres euros da Consellería de Cultura vai para o Xacobeo, e falaba vostede do importante que era a cultura para moitas cousas, fíxese vostede, en actividade cultural o emprego neto, do 2017 ata agora baixou en máis de 1.500 empregadas en industrias culturais, algo terá que ver tamén o fomento da Xunta de Galicia nese campo. Pero vostedes recortan partidas, por iso digo que non miraron ben o orzamento, recortan partidas que é curioso, algunha resposta me ten que dar vostede na súa próxima intervención, porque quitan as cotas da Deputación da Coruña en entidades como a FEGAMP e a FEMP, hai unha partida que vostedes recortan á mínima expresión, que é o que temos que pagar por pertencer á Federación Española de Municipios e Provincias e a Federación Galega de Municipios, non sei se o Partido Popular pretende que agora a Deputación non estea representada aí ou o que sexa.

E tamén recortan á mínima expresión, e xa o dixo o portavoz de Alternativa dos Veciños, os gastos de mantemento dos servizos de normalización lingüística dos concellos, que xa están moi precarizados, e que xa non se fai practicamente caso deles en ningunha outra administración que non sexa a Deputación da Coruña, pero é que vostedes, co recorte que lle fan a esa partida, significa a desaparición dos servizos de normalización lingüística municipais, significa a desaparición, home, eu xa sei que non lle importa demasiado a lingua ao Partido Popular, xa o demostra tamén no propio documento de emendas, que o presentan en español, pero eu creo que teñen que dicir claramente se vostedes están porque desaparezan os servizos de normalización lingüística dos concellos da provincia.

Vostedes por recortar recórtannos ata a partida que utilizamos para desprazar mobiliario para os almacéns da Deputación, se lle facemos caso ás súas emendas estaríamos sen dispoñibilidade para, cando un moble está en mal estado e o temos que cambiar por outro que teñamos que facer a mudanza deste edificio á nave que temos en Sabón, ata aí recortan.

E recortan en cuestións que eu creo que só pode obedecer a que miraran mal os orzamentos, na dixitalización de arquivos, nos traballos de encadernación da imprenta, que a imprenta non encaderna e ten que encadernar fóra, todo iso elimínannos vostedes. Pero eliminan cousas que son curiosas porque chocan a veces con propostas que escoitamos aquí por parte do propio Partido Popular. Hai unha partida que é onde van os

gastos de notificación por parte dos servizos de tesourería, que responde a un contrato plurianual e as administracións públicas temos a obriga de contemplar as cousas que temos contratadas nos nosos orzamentos e, polo tanto, as empresas que teñen un contrato en vigor con nós témoslle que pagar. Pois hai unha partida de tesourería onde vai algún contrato plurianual que vostedes suprimen, e suprimen tamén a partida de notificacións de tesourería, tamén a de comunicacións de xestión tributaria, que responde tamén a un convenio que temos co catastro. Iso, vostedes elimínalo nas súas propostas de resta de aquí, suma doutro lado.

Fíxense vostedes se están vostedes preocupados polas estradas, fíxense vostedes a súa preocupación, que para a redacción de proxectos de estradas déixannos a totalidade de mil euros, o resto recórtano, estradas que son estradas que están no ámbito municipal evidentemente, pois aí recortan vostedes todo e deixan mil euros, esa é a preocupación de vostedes polas estradas, espero que ningún Concello do Partido Popular en 2020 nos pida unha redacción de proxecto porque só faltaría, pero desfan vostedes as partidas para conservación de patrimonio, é dicir, non imos poder podar o bosque que temos de piñeiros autóctonos na praia de Balarés, non imos poder facer conservación dos xardíns que, por certo, falou vostede de turismo, falarei despois, os xardíns de Mariñán son un recurso turístico que ten a Xunta catalogado, pois non imos poder facer mantemento aos xardíns, que tampouco se contempla, e todos os traballos agrícolas que se fan no ámbito do Pazo de Mariñán tamén se recortan.

A xa insuficiente partida inicial, porque supoño que se terá que ampliar no primeiro expediente de modificación de créditos, para supervisión de proxectos de concellos, pasa de 210.000 euros a vostedes déixanola en 60.000, 60.000 euros, de 210.000 euros en 60.000, eliminan todos os plans directores de turismo nos que, por certo, fíxese vostede, falaba vostede de sinerxías coa Xunta de Galicia, mañá teño unha reunión cunha consultora que nos manda a Dirección Xeral de Turismo para ver se participamos no proxecto europeo que ten a Xunta de Galicia, e díggollo en serio, e pode falar coa directora xeral, eu recoméndolle que falen, porque a comunicación co departamento de turismo da Xunta é intensa, e sempre ten facilidades por parte desta administración para todos os proxectos que a Xunta quere levar adiante, eu estou moi satisfeito con esa colaboración, e coa do Xacobeo tamén, pero mañá recibimos a unha consultora. Pero fíxese vostede, os plans directores de turismo que estamos facendo desde aquí relacionados co patrimonio, que vostede recorta a partida esa por completo, en todos eles, sen poñer a Xunta un céntimo, en todos temos convidado a participar á Xunta de Galicia, á Subdirección Xeral de Patrimonio Cultural, en todos esta administración, para coordinarnos, temos convocada á Xunta de Galicia para que veña ás mesas, aínda que non poña ningún recurso económico nos plans, fíxese vostede se temos boa intención, e eliminan tamén unha parte dos investimentos que facemos na mellora da calidade e competitividade dos xeodestinos. Aquí hai alcaldes e alcaldesas que forman parte dos comités de dirección deses xeodestinos, non sei que opinarán ao respecto.

E, cousas moi curiosas, eu non sei cantas veces viñeron aquí as peticións do Partido Popular sobre as canceiras, pero é que despois vostedes desfan a partida das protectoras de animais, tanto se preocupan das canceiras e despois collen a partida de subvención ás protectoras animais e quítana de enriba, é dicir, redúcena á mínima expresión.

E logo, o do gasto social, Sra. Gallego, eu non sei se se fixaron vostedes nalgunha partida

que vostedes recortan ou eliminan directamente como, por exemplo, a de estancias en centros de persoas maiores e persoas con diversidade funcional, que a deixan sen fondos, ou a partida destinada a teleasistencia, que a eliminan directamente, así que cargarse teleasistencia e as....eliminán, quere que lle diga o número de partida e o número que reflicten vostedes no orzamento?, dígolla despois na segunda intervención e búscalo, para non andar enredando aquí.

Suprimen vostedes partidas que levan contratos plurianuais, na biblioteca provincial para actividades de fomento da lectura en públicos infantís, actividades de lecer e de tempo libre no Centro de menores de Ferrol, o contrato que leva o servizo de acollida, atención e organización de actividades socioculturais e deportivas e de apoio educativo no Calvo Sotelo, iso todo tamén o eliminan vostedes en partidas orzamentarias, iso que din vostedes que era para aumentar o gasto social, iso elimínano vostedes nas súas emendas.

E finalmente, e xa non vou andar en moitas máis cousas, a convocatoria FO213 de subvencións á música tradicional, tamén a eliminan. Elimínana despois de traer aquí unha proposta no seu día de fomento das festas tradicionais e, en cambio, eliminan a partida de subvencións de música tradicional, que eu creo que é contraditoria co que vostedes propuxeron no seu día, e a FO223 de fomento de actividades de festivais, audiovisuais e de artes escénicas, tamén a eliminan, e máis o concurso Fran Pérez Narf para grupos de artistas musicais, ou o concurso infantil Quero Cantar.

Eu realmente, e por non ir a máis cousas, eu realmente creo que vostedes teñen que, a pesar da boa intención, porque eu creo que está ben e é san presentar emendas aos orzamentos, porque está ben, pero eu creo que miraron mal as partidas sinceramente, que as miraron mal, eu creo que imos votar en contra das emendas do Partido Popular..., si, si, eu téñoas aquí, eu mireinas, e mirei tamén as fichas do orzamento para comprobar de onde sacaban vostedes, eu mireinas para saber de onde sacaban vostedes, e vostedes sacan de mal sitio, xa llo digo eu. E dígolles unha cousa máis, nós podíamos facer como fai o Partido Popular na Xunta de Galicia, cargarse dun plumazo todas as emendas propostas por todos os Grupos no Parlamento, que foi o que fixo en 2020, non son nosas, cargámonolas, pero eu creo que deben vostedes comprobar de onde se saca e onde se pon, porque asegúrolles que é o mellor orzamento posible e, evidentemente, o Partido Popular pode votar en contra, só faltaría, os Grupos políticos cando non fan o orzamento e cando non é responsabilidade súa o orzamento teñen sempre a facultade de absterse ou votar en contra, pero eu creo, e dígollo con total sinceridade, eu creo que non se pode facer un orzamento moito mellor que o que trae este equipo de Goberno aquí, non se pode facer un orzamento moito mellor, e o que lle digo e que repase tamén os históricos cando fala de certas cousas, porque é que eu creo que a calidade democrática e na calidade de transparencia deste equipo de goberno comparado coa anterior etapa do Goberno do Partido Popular, nin cor. E dígolle unha cousa, isto pódoo comprobar vostede e despois discutímo se cre que eu estou mentindo, a nós ténsenos dado esta libretiña á entrada da Comisión do orzamento, onde se ía votar, onde se ía votar coñecíamos por primeira vez o orzamento que íamos votar. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día, xa hai moito do dito, pero si que en primeiro lugar quixera dar as grazas e

recoñecer o traballo do persoal dos servizos económicos da Deputación e do deputado da área polo seu traballo e por traer un ano máis este orzamento en tempo e forma para que entre en vigor a primeiros de ano, en contraposición co que se fai noutras administracións que algunha delas, a día de hoxe, aínda non conta con ese orzamento. Agradecer tamén o seu apoio ao Grupo de Alternativa dos Veciños e de Marea Atlántica, que realizaron unha serie de propostas que eran perfectamente asumibles por este Goberno porque moitas delas xa se constatou en anos anteriores que, a través dos modificativos de crédito, se van incrementando esas partidas das que falamos, como a de vías e obras, ou a do POS+, que saben vostedes que o ano pasado empezáramos con cincuenta e pico millóns, e rematamos con cen, polo tanto, eran propostas que entendíamos que eran perfectamente asumibles, foron aceptadas por parte do Goberno e, por tanto, saudamos moi positivamente e agradecemos o seu voto favorable.

É un orzamento que dá continuidade, efectivamente, é continuísta, dá continuidade ás políticas postas en marcha durante a pasada lexislatura porque a realidade constatou que foran enormemente positivas para o conxunto dos 93 concellos desta provincia e, polo tanto, para os veciños e veciñas que nela habitan, foron positivas para o municipalismo, poñendo a disposición dos concellos máis fondos que nunca na historia desta Deputación, a través do Plan único, e foron positivas tamén na creación de emprego, a través dese PEL que logrou xerar en catro anos máis de 2.700 empregos na provincia da Coruña. Polo tanto, efectivamente, é continuísta, pero é continuísta porque entendemos que está na boa senda, no bo camiño e, polo tanto, cando algo está a funcionar ben, evidentemente, para que cambialo. Volver a outros orzamentos de etapas de Goberno anteriores, loxicamente si que entendemos que sería un retroceso, miremos como miremos os datos, só podo poñer dous exemplos, o PEL, o Plan de emprego, durante o goberno do Sr. Diego Calvo, a quen enxalzaba na súa xestión a voceira do Partido Popular, dedicaba a emprego en catro anos, 4,5 millóns de euros, só neste orzamento do ano 2020 imos dedicar 9 millóns de euros, o dobre nun ano que en catro anos do goberno anterior.

Podemos falar tamén se queren vostedes dos fondos que poñemos a disposición dos concellos a través do Plan único, na etapa de Goberno do Partido Popular, 151,8 millóns, na etapa anterior nesta última lexislatura do bipartito, como vostede lle chama, 345,3 millóns de euros, polo tanto duplicamos tamén os fondos que se poñen a disposición dos concellos e, como vimos insistindo ao longo xa da pasada lexislatura e da presente, é a verdadeira función dunha Deputación provincial, colaborar cos concellos, axudalos naquelas cuestións que sexan da súa competencia, e poñer fondos a súa disposición para mellorar a calidade de vida e o entorno dos seus veciños.

Ademais é un orzamento, como ben dicía o deputado da área, que se incrementa nun 0,22%, que contempla débeda cero, e que ademais se conxelan as taxas e prezos públicos, como comentabamos.

Repito, é un orzamento que entendemos que é moi positivo para esta provincia, que é continuísta en canto a que os orzamentos precedentes o foron e, polo tanto, xa temos constatado que esta fórmula que puxemos en marcha funciona e que é positiva e, polo tanto, de aí que hoxe formulemos un documento que dá continuidade á senda iniciada xa na pasada lexislatura e que, como digo, tan positiva foi para os 93 concellos da provincia da Coruña.

Sobre as intervencións dos Grupos a verdade é que o Partido Popular había un remexido aí que intentarei condensar o máximo posible, e comezarei utilizando un argumento que vostede mesmo utilizou, Sra. Gallego, que é dicir que se fala da Xunta, como non se vai falar da Xunta porque o orzamento era moi malo. Ben, daquela teño que aplicarlle ese mesmo argumento dicindo que moi malos teñen que ser os seus argumentos contra o orzamento cando ata en catro ocasións falou dos ERES de Andalucía e de Andalucía, que é unha cuestión que non ten absolutamente nada que ver con esta Deputación provincial, porque se está votando o orzamento do Partido Socialista? non, estase votando o orzamento da Junta de Andalucía? non, estase votando o orzamento da Deputación Provincial da Coruña. Polo tanto, en aplicación dese argumento que vostede poñía sobre a mesa, moi malos teñen que ser os argumentos cando, repito, ata en catro ocasións tivo que recorrer vostede a falar dos ERE e de Andalucía que é unha cuestión que nada ten que ver con esta cuestión que estamos a falar.

Fala vostede inicialmente, fai unha proposta, unha serie de propostas de emendas para recadar 5 millóns de euros, e como ben dicía o vicepresidente, que penso que fixo unha análise bastante pormenorizada deses recortes que vostedes propoñen, a fin de contas o que estamos a facer é detraer fondos doutras partidas que están a ser tamén moi positivas para os veciños e para os concellos da provincia, en lugar de facer algo que era moi sinxelo e que é, casualmente, do que vostedes non falaron nin na súa intervención, nin nas súas emendas, que é das competencias impropias que ten asumidas esta Deputación. Os centros educativos e de menores cústanos a esta Deputación 10 millóns de euros ao ano, duplica a cantidade que vostede pretende conseguir recortando partidas, polo tanto, sen recortar nada, simplemente con que a Xunta de Galicia, que a vostede non lle gusta que a citemos, pero debemos de citala porque é a que ten competencia na materia, con que asumise esas competencias, que son súas, e non son desta Deputación, xa teríamos 10 millóns de euros máis ao ano para repartir entre os concellos da provincia da Coruña, e podían vostedes ter evitado ese traballo inxente que fixeron de ir recortando partidas, 1.000 de aquí, 2.000 de alá, 30.000 de alí, para deixar algunhas delas como é a dependencia, por exemplo, a cero, ou algunhas outras moitas. Dez millóns de euros dun plumazo, sen embargo vostedes aquí non se fala desa cuestión, nin teñen nada que reclamarlle á Xunta, ao que xa estamos afeitos tamén, porque a Xunta de Galicia, mentres a goberna o PP non se lle toca, veremos se hai un cambio de goberno dentro dun ano nas eleccións autonómicas, se manteñen vostedes ese mesmo criterio que veñen mantendo ao longo deste tempo.

E mire, voulle dar o dato, nos últimos dez anos dedicamos a esas competencias impropias 100 millóns de euros, se as tivese asumida a Xunta que, repito, é a que ten a competencia na materia, voulle ler o listado: o Concello de Abegondo recibiría 1.074.000 euros máis do que recibiu; o Concello de Ames recibiría 2.163.000 euros; o de Aranga, 862.000; o de Ares, 572.000; o de Arteixo, 238.000, o de Arzúa, 1.485.000; A Baña, 982.000; Bergondo, 776.000; Betanzos, 978.000; Boimorto, 814.000; Boiro, 1.559.000; Boqueixón, 896.000, Brión, 994.000; Cabana de Bergantiños, 954.000, podería continuar así ata os 93 concellos da provincia. En dez anos recibiría 100 millóns de euros, só con criterios POS xa digo, non o criterio que tiñamos anteriormente co DTC, ou non falaremos desas nominativas, das que agora non lle gustan, pero vostedes as repartían a destro e sinistro. Cen millóns de euros máis nos petos dos concellos da provincia en dez anos, xa temos o problema solucionado, polo tanto, como xa se acaba de dar a solución que é que entre todos, nunha actitude totalmente responsable, reclamemos á administración que ten

competencia na materia, que as asuma, xa poden votar vostedes a favor do orzamento, acabamos de aflorar dez millóns de euros, que é o dobre do que propoñen vostedes, e ollo!, sen recortar absolutamente nada. Polo tanto, penso que a fórmula, mellor imposible, pero estou convencido de que vostedes non van facer iso, non van apoiar esta fórmula porque o que fai é ir en contra dos intereses, non da Xunta de Galicia, porque os da Xunta de Galicia son os de todos os galegos, en contra dos intereses do Partido Popular que goberna a Xunta de Galicia, que é moi distinto.

Fala vostede tamén do tema do incremento da partida de medio ambiente, e que espera que eses fondos que se incrementan vaian parar ao saneamento e abastecemento de auga. Efectivamente, a partida de medio ambiente se incrementa sobre todo polo PEL, porque o Plan de emprego pasa agora a esa área desta Deputación.

Pero claro, din vostedes, e nas súas emendas o poñen, que tiñamos que facer un plan para repartir fondos, con criterio obxectivo, entendo, iso non llo nego, para saneamento e abastecemento de auga e, claro, a min gustaríame saber por que vostedes cando gobernan onde gobernan, por exemplo, na Xunta de Galicia, que nos cobra a todos os concellos un canon da auga, non propón que a Xunta de Galicia poña en marcha un plan para repartir eses fondos con criterios obxectivos, e gustaríame, como non son criterios obxectivos, que me explique vostede como reparte a Consellería os fondos para o saneamento e abastecemento de auga, porque eu que goberno un concello desde hai cinco anos, non sei de ningún plan ao que nos podamos acoller todos os concellos de Galicia para poder obter de forma obxectiva, e con criterios obxectivos, como digo, eses fondos, senón que os reparte a Consellería en base ao seu criterio. É unha mágoa que iso non o teñan trasladado vostedes á Xunta e o trasladen á Deputación provincial.

Fala vostede tamén, ponderando os beneficios do deporte, que todos os que estamos aquí compartimos, e fíxense vostede se os compartimos, que este Goberno no ano 2018 para entidades puxo tres millóns de euros para o deporte, no ano 2015 vostedes tiñan 1.700.000. Polo tanto, compartimos a súa preocupación, e tanto a compartimos que a duplicamos en fondos. Gustaríanos saber tamén, como fai a Xunta de Galicia, para repartir os fondos que chegan aos concellos para deportes, non coñezo tampouco ningún plan de deportes da Xunta de Galicia onde poidamos acollernos os concellos e recibir fondos con criterios obxectivos.

Fala tamén vostede de accesibilidade, do Plan de camiños rurais, non se esquezan, non, non se esquezan a Deputación non, non se esquezan os alcaldes de telo en conta, porque a Deputación pon todos os anos decenas de millóns de euros a disposición dos concellos para que poidan investir naquilo que consideren oportuno, e que en base as súas necesidades consideren que debe de ser investido. E, por tanto, tirando un pouco das súas emendas, das emendas que teñen presentado, imos concretamente ás que falan dos plans, falan vostedes de programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes para a adquisición de varredoiros e demais material necesario para limpeza viaria, limpeza de camiños, etc. A través do Plan único os concellos decidiron, en total aplicación da súa autonomía, dedicar 253.000 euros nestes últimos tres anos a esa cuestión. Por tanto, os concellos e os alcaldes dos 93 concellos da provincia, non deben considerar que esa é unha cuestión moi urxente, nin que teña moita urxencia, cando dedicaron tan poucos fondos dos trescentos e pico millóns que puxemos á súa disposición.

A emenda seguinte, número vinte e un, programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes para a mellora de redes de saneamento e abastecemento de auga, ben, pois mire, no ano 17, 18 e 19 esta Deputación financiou a través do Plan único vinte e catro millóns de euros en obras de saneamento e abastecemento de auga, porque así o decidiron os concellos, porque entendían que era unha necesidade e, polo tanto, eses fondos foron parar a esas actuacións.

Emenda número vinte e dous, programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes para mellora de infraestruturas no ámbito social. Ben, pois no ámbito social, centros sociais, os concellos da provincia a través do Plan único e, polo tanto, esta Deputación, financiou obras por 1.791.000 euros, en concreto, 18 obras.

Emenda número vinte e tres, programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes para a mellora de infraestruturas no ámbito da acción cultural. Pois para infraestruturas culturais, os concellos decidiron investir a través do Plan único 2.000.000 de euros.

Programa de subvencións dirixidos a concellos para a mellora de instalacións deportiva, pois repito, a Deputación, a través do Plan único, e por decisión dos concellos, dedicou a instalacións deportivas, déixeme que busque por aquí, 8.500.000 de euros.

"O importe total de mellora do orzamento provincial proposto polas nosas vinte e catro emendas ascende a 5.810.000", xa lle expliquei, só con que a Xunta asuma o que ten que asumir, 10.000.000 de euros. E sobre as súas emendas, xa están reflectidas aquí no POS+, o problema é que vostedes non están presentando emendas para este orzamento, non, non se trata diso, o que están facendo vostedes hoxe aquí é emendando o Plan único, que é o que veñen facendo ao longo da lexislatura, por que? porque non lles gusta, porque non lles gusta que repartamos os fondos con criterios obxectivos, porque non lles gusta que poñamos os fondos a disposición dos concellos para que eles, dentro da autonomía local, decidan en base ás súas necesidades en que investilos. Vostedes pretenden tratar aos concellos como menores de idade, con subvencións de carácter finalista no que a Deputación dirixe o investimento, cando iso non ten ningún sentido, e é, como dixemos xa nun Pleno anterior, todo un retroceso.

As outras emendas que vostedes propoñen, basicamente se trata de incrementar precisamente as partidas destinadas, e son un total dunhas dezaseis emendas, se non sumo mal, dedicadas a incrementar os gastos casualmente naquilo que non temos competencia, que son nos centros educativos e nos centros de menores, é dicir, practicamente algo máis da metade das súas emendas van dirixidas a que a Deputación gaste naquilo que non ten competencia, e aínda por riba o fan a custa de reducir as partidas daquelas cuestións nas que si temos competencia, eu penso que como pouco eu diría que é pouco sería esta proposta de emenda. É de agradecer que vostedes pretendan mellorar o orzamento, pero se realmente cren que con isto se mellora o orzamento e funcionamento desta institución, é que viven vostedes, xa non noutro lugar, diría noutro planeta como pouco, porque desde logo, incrementar partidas naquilo que non é competencia da Deputación, detraéndoa daquilo que si o é, a verdade é bastante rechamante.

Despois fala vostedes, e fai unha pequena trampa aí, a ver se cola, que é utilizar, falar en termos absolutos, comparando, por exemplo, o incremento da partida de políticas sociais coa de prensa, e claro, di vostede que a de prensa se incrementa un 8,33%, que é verdade, e que a de política social só se incrementa un 0,09%, é verdade, iso non é mentira, o que non ten vostede en conta e o que vostede non di, é cal é o orzamento de política social e cal é o de prensa, porque ese 0,09% que se incrementa en políticas sociais supón 600.000 euros de incremento, e o 8,3% do que fala vostede para prensa supón 50.000 euros. Polo tanto, se fala de termos absolutos agradeceríalle que dea a cantidade que se incrementa, porque senón está facendo unha pequena trampa en canto a que dá a impresión de que se gasta moito máis en prensa que en políticas sociais, cousa que ademais é totalmente falsa.

Comenta vostede tamén que había cinco millóns, que é unha proposta, que deses cinco millóns que vostedes propoñen recortar, había unha partida que era para a redacción de proxectos que eran chapuceiros, e que logo tiñamos que traer aquí modificacións, pero vostede sabe cantos proxectos de obra aproba esta Deputación?, se están contados os casos nos que hai ese problema do que vostede fala, polo tanto, facer tamén táboa rasa e definir que todos os proxectos que contrata esta Deputación de forma externa, porque non hai persoal suficiente para sacalos adiante, son chapuceiros, e claro, se reducimos a partida que temos para contratar eses proxectos, cando veñen aquí vostedes e os seus alcaldes a pedir que fagamos proxectos, e en vez de tardar un ano, tardemos catro, dirán vostedes que a Deputación funciona moi mal porque somos moi lentos. E eu pregúntolle aos que están sentados aquí, que son concelleiros do Partido Popular, nos seus concellos non externalizan a redacción de proxectos?, serán dos poucos que non o fan, porque os demais, polo menos dun tamaño medio para abaixo, todos os externalizamos. Pois a Deputación redacta moitos proxectos con persoal propio, e outros moitos precisamente para dar servizo aos concellos da provincia e as súas solicitudes e demandas, os externaliza. Reducir esa partida sería un auténtico suicidio desde ese punto de vista.

Comentaba vostede tamén que é un plan continuísta e sen ambición, pois que quere que lle diga? Xa lle comentei antes, é o orzamento que máis fondos pon a disposición dos concellos e o que máis postos de traballo xera, se iso a vostede non lle parece ambicioso, pois igual a súa ambición está máis centrada noutras cousas, afortunadamente como quen goberna a institución somos nós, centrámolas nestas, que entendemos que son máis prioritarias, e xa non o dicimos nós, calquera enquisa que poida ler vostede de cales son as preocupacións dos cidadáns, a primeira delas é o emprego, xustamente á que vostedes dedicaban unha cantidade pírrica de un millón e pico de euros ao ano, fronte aos nove millóns que vai dedicar este ano este orzamento. Polo tanto, Sra. Gallego, mírese como se mire, penso que este orzamento supera de sobra os que tiñan presentado vostedes nesa etapa tan marabillosa de xestión económica que nos relatou hai un pouco.

Falaba tamén da cuestión relacionada coas estradas provinciais, ben, vostedes investiron na pasada lexislatura en estradas provinciais 47 millóns de euros, na anterior lexislatura do bipartito, como vostede lle chama, 80 millóns de euros, están preocupados polas estradas, pois nós estamos o dobre de preocupados, porque poñemos o dobre de cartos. É unha mágoa que esa preocupación que vostedes senten por todas aquelas cuestións nas que ten competencia a Deputación, e aquelas onde tamén a ten, non a teñan tamén cando gobernan, porque cando gobernan a institución fan un pouco o contrario do que din, e xa non vou falar, como dixen anteriormente, porque non me quero repetir, o que

facían vostedes cando gobernaban, ou que fan vostedes noutras administracións nas que gobernan, na que non hai plans de reparto de ningún tipo, nas que os criterios de reparto ninguén sabe cales son, polo menos de forma oficial, aínda que despois extra oficialmente todos os que os padecemos, sabémolo perfectamente e, polo tanto, repito, é unha mágoa que os seus argumentos non sexan un pouco mellores, pero tirando daquel exemplo que nos puxo ao principio, agora explícome a que viña o de Andalucía.

Sobre a intervención que fixo tamén o voceiro da Marea falando das mocións de censura en Mugardos, eu penso que é unha cuestión que aquí non ten absolutamente nada que ver, aquí estamos a votar o orzamento para unha institución provincial, pero si quixera corrixilo nunha cuestión, nós en Boimorto e en Coristanco non fixemos ningunha moción de censura, e no caso de Mugardos só direi unha cousa, cando dous Grupos firman un pacto de goberno, que ao día seguinte se está a incumplir, desde logo non axuda a que haxa unha moi boa convivencia, polo tanto, si que lle agradecería que ese chamamento a reconducir esa situación sexa bidireccional e, polo tanto, sexa tamén dirixido a quen ten a alcaldía, grazas aos votos do Partido Socialista, porque non ten maioría absoluta. Nós, desde logo, aos nosos compañeiros alí xa llo trasladamos e o facemos aquí publicamente, facemos un chamamento ao entendemento entre as dúas partes, porque a responsabilidade é compartida, e se quere, pero non o vou facer, se quixera vostede entrar en canto a que porcentaxe de responsabilidade hai entre unha e outra das partes, creo que a balanza inclinaríase máis dunha delas, que non é a do meu partido. Moitas grazas, moi amables.

Sr. Leira Piñeiro

Simplemente, vou intentar ser breve, como quixen selo na primeira parte, pero imos intentar aclarar un par de cuestións.

Imos ver, Rosa Gallego, sabes que a documentación xa a enviei o día 31 de outubro, e envieiche ademais, hai algo que non falla que son os correos electrónicos, de momento, de momento está aí, e o 31 de outubro, como a todos os Grupos, xa o comentaba antes o portavoz e compañeiro, Xosé Regueira, que se enviou o 31 de outubro a todos os Grupos. Entón, ese documento tédelo no voso poder desde ese día, é certo que despois a posteriori pasaron uns días e reclámastenos unha serie de documentación, que é unha serie de documentación que vai á Comisión, e depende de cando se convoca a Comisión, e a Comisión neste exercicio tivo un condicionante a maiores, con respecto a outros anos, que é a inclusión da FAEPAC e do Consorcio, e tamén houbo que esperar unha documentación por parte destes que non se achegara, pero aínda así, e tamén o comentaba Xosé na súa intervención tivestes en tempo e en forma toda a documentación porque 72 horas antes da propia Comisión tiñades xa a documentación colgada. Polo tanto, entendemos que o que é ese reparto de documentación para poder vela e poder valorala foi achegada en tempo e en forma, posiblemente quixeramos máis tempo, posiblemente, pero en calquera caso foi achegada en tempo e en forma, algo, eu non vou incidir no que sucedía hai catro anos, ou na guerra civil, pero ben, en calquera caso, a realidade é que tiveron a documentación en tempo e forma e eu púxenme a disposición de todos os Grupos dentro do que eu puidese achegar. Polo tanto, primeiro aclarar este tema.

Agradecer tamén, imos intentar distender un pouquiño, agradecer tamén todas as

felicitacións, que está moi ben todo iso, pero tamén é a nosa obrigación, eu digamos que a felicitación a quen a quero facer é ao Servizo de Orzamentos, que é quen realmente son os artífices de todo isto. En canto ás achegas que neste caso nos fai Gelo, eu, como sempre, con Gelo teño unha relación especial no sentido de que como di el, a palabra vai a misa, e nese sentido creo que xa nos coñecemos, intentamos dentro do que cada un pense o que considere e defenda os intereses que considere, pero a palabra sempre, por un lado e por outro cumprímola, e eu respecto en absoluto o que neste caso Gelo poida achegar, e tamén teño que darlle a razón no sentido de que é certo, que Gelo é unha persoa que está moi comprometido coas estradas, como estamos todos. E dicirche, Gelo, que todo o diñeiro que se meta nas estradas vai ser pouco, todo o diñeiro que se poida meter nas estradas vai ser pouco. Pero si que é certo que hai un compromiso desta casa polas estradas e a proba está nos distintos plans que estamos acometendo nas estradas e cónstame que, tanto o departamento como o propio deputado están sempre enriba de min para dotalos de dotación orzamentaria, e é o que facemos ao longo do ano, é dicir, dotar inicialmente, porque ademais é o que nos permite máis, e hai que recoñecelo, en vías e obras, á hora de poder facer axustes para despois ao longo do ano poder incrementalos, e sobre todo que as estradas, dentro dos distintos plans, estean ben atendidas, que iso é o prioritario ao final, e estou falando tanto do Plan de conservación, como do Plan de investimentos, como o de sendas. No Plan de conservación empezamos con dez millóns de euros, e estou falando xa deste ano 2019 que estamos rematando, e imos rematar con dezanove, é dicir, esa é a liña que imos seguir neste ano 2020, é exactamente a mesma, por que?, porque deu bo resultado, e máis, permitiunos incluso que se sacase xa o ano anterior un plan de rozas das cunetas, que tamén é certo que todo o que se faga é pouco, pero que pasou ese plan de rozas dunha roza ao ano a dúas, como mínimo, e incluso tres en todos os concellos.

Si recollo o guante, que é certo que posiblemente teñamos que mellorar máis e estar máis atentos ás empresas que fan ese Plan de rozas, que nalgúns casos houbo certos problemas, non todas afortunadamente, porque foi un plan, e segue sendo un plan que está dando bos resultados, pero se pode mellorar, non cabe dúbida, pero esa é a liña. Como tamén poderíamos falar dentro de estradas do Plan de investimentos, pois nós o que queremos agora no ano 2020 é facer unha auditoría do estado das pontes, que tamén nos preocupa, ao longo das estradas da provincia hai un número de pontes importantes e algunhas que necesitan un estudo polo miúdo, e de feito estase actuando xa nalgunhas neste momento para que esas pontes que son importantes nos concellos por onde pasen, estean en boas condicións, pois diso se trata ademais, efectivamente, ao longo do ano iremos investindo dentro deste Plan.

Como podíamos falar un tema que eu sei que Gelo é moi sensible neste tema, no Plan de transferencias, xa iniciamos nesta lexislatura pasada un estudo, xa o dixeran tamén na Comisión sobre as transferencias aos concellos, ese estudo que está bastante avanzado, temos un compromiso para que xa empecemos a transferir esas estradas que son neste momento da Deputación, naqueles lugares onde, é certo dicilo, onde a economía sexa menos gravosa para a Deputación, e os concellos as reciban nun tempo prudente, e os concellos nese sentido nese estudo xa hai uns cantos concellos que están, digamos neste caso, demandando esas travesías, eses quilómetros de estrada por onde pasan no seu concello, e haberá outros número de concellos onde xa, se é un custo económico maior, por suposto que estaremos enriba para traspasalas aos concellos, porque ademais cremos que é onde mellor están. Quen mellor que os concellos para que esas vías que

pasan polo seu territorio, as poidan atender e ao mesmo tempo digamos, poidan acelerar incluso certos permisos que moitas veces fan falta para, digamos neste caso, darlle calidade á veciñanza que pide permisos para innumerables actuacións. Pois diso se trata, diso se trata dentro destes plans.

E afondo nisto nas achegas que facía neste caso o Partido Popular que tamén ían entre outras liñas no Plan de estradas, Rosa, isto é o que se trata. Eu sinceramente, as achegas que facedes neste caso aos orzamentos, son asumibles, e non vexo ningunha razón, e dígoo sinceramente, para que votedes en contra destes orzamentos, ningunha, porque podo aseguravos que todas as achegas que facedes son asumibles, pero son asumibles ao longo do ano. Por iso teño que solicitar, e agradecer tanto neste caso a Alternativa como a Marea Atlántica, que foran sensibles á hora de ver que estes orzamentos temos unha limitación, que todos sabemos cal é, o teito de gasto non o puxo o Partido Socialista, eu non vou afondar niso, nin vou falar de Andalucía, nin de Pedro Sánchez, vou falar da Deputación da Coruña e da realidade que temos e o que está nas nosas mans poder facer, o que poida facer o Sr. Sánchez, ou en Andalucía, xa o farán.

En calquera caso, o que nós si podemos facer é contribuír a uns mellores orzamentos e unha mellor calidade de vida dos veciños, iso é o que nos ten que preocupar en primeira instancia. Polo tanto, son asumibles as peticións ou as achegas que fai o Partido Popular, e facedes vós, perfectamente asumibles, ao longo do ano, pero ao longo do ano, como tamén son asumibles as peticións que nos fai neste caso Gelo, e nos fai Alberto por parte de Marea Atlántica. O que quero dicir é que a foto que sacamos Alberto e eu, tampouco saímos tan mal, verdade Alberto?, non saímos tan mal, e é unha petición que fai neste caso un Grupo e eu non teño ningún problema sacar unha foto con Alberto, con Rosa ou con Gelo se fixera falta e se dera a situación.

Non vou ser reiterativo porque xa comentaron tamén os que me precederon na palabra anteriormente, tanto Xosé como agora Bernardo, no que significa sacar dunhas partidas e como poden quedar eses departamentos. Eu entendo que é de boa fe as achegas que fai o Partido Popular á hora de encaixar, pero temos que falar tamén do continente, e o continente é aquelas partidas que van quedar diminuídas polos servizos que fan. Xosé facía mención neste caso a partidas que tiñan que ver cos servizos sociais e coa dependencia, e concretamente coa teleasistencia. Rosa vouche apuntar a partida exacta á que se refería Xosé, que é exactamente a 22799, claro son partidas, é un exemplo claro de que son partidas que non poden facerse esa achega que vós facedes neste momento, por que?, porque o servizo de teleasistencia quedaría paralizado, como quedaría paralizada a nosa achega á Fegamp, como xa se dixo anteriormente, como tamén quedaría paralizada neste caso outros departamentos que neste momento hai contratos en vigor e, polo tanto, o funcionamento deses servizos quedaría a cero, e iso non pode ser. Porén, si que temos posibilidade noutros departamentos, de que teñan dotación orzamentaria e sigan o seu curso con calidade, como se merecen os veciños, sen que se vexa reducido no global o orzamento da Deputación.

Pois isto é estar á altura de miras, e o que a nós tamén nos fai encaixar este orzamento na medida das posibilidades que nós temos. Estou convencido que ningún de vós no Partido Popular estades desexosos nin queredes que se saque o Servizo de Normalización Lingüística, nin a axuda no fogar, nin a teleasistencia, nin outros servizos que se verían minguados se nós poñemos en marcha estas peticións que nos facedes.

Polo tanto, eu de verdade que acepto as contribucións de boa fe, pero pensade que isto é un percorrido que son 365 días do ano, e que ao longo do ano afortunadamente temos a oportunidade de que indo aos expedientes de modificación de crédito poder dotar os servizos coas partidas correspondentes, e que en ningún momento se vexan minguadas.

Nós imos seguir nesta liña porque cremos que é a correcta, falouse tamén aquí, non quero deixar de mencionalo, o que está dando o plan único, o Plan único xa está dando todas as peticións que nos facedes de varredoiros, de investimentos en instalacións deportivas, culturais, etc., etc., polo tanto, aínda que o tiña así aquí anotado, non vou incidir niso porque os datos están aí, que cada concello invista no que considere que é máis prioritario para eles. A fórmula téñena, os medios téñenos, pois cada concello, que lle vou a dicir eu a Ames, ou que lle vou dicir eu a Melide, ou que lle vou dicir eu a Arteixo en que ten que investir, son suficientemente maiores os alcaldes deses concellos para saber o que teñen que facer.

Polo tanto, remato e digo que son perfectamente asumibles as peticións que nos facedes desde o Partido Popular, polo tanto, non vexo ningunha razón, de verdade, non vexo ningunha razón para non apoiar este orzamento, e ademais que sería bo, sería bo facelo, porque todos formamos parte dunha Corporación que nos debemos á provincia da Coruña. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Moitas grazas, vou ir intentando responder así un pouco por orde. Primeiro, Sr. García Seoane, eu non lle vou dicir nada a el, que lle vai dar algo calquera día, porque se excita moitísimo, pero si ao presidente, que ten que cortar isto, ten que cortar isto porque non pode ser que insulte. Nos Plenos pódese debater politicamente pero desde logo insultos para nada, e dese nivel non, o que presume de ser un político de nivel, que o demostre cando fala.

Agradecerlle iso si que lera as emendas, pero dicirlle tamén que non as entendeu para nada, que desde logo dixo que se estaba de acordo con algunhas, pois algunhas pódeas votar a favor se está de acordo con elas, pero claro, como as presenta o PP, pois non.

Fala dos centros de día, non entendeu, nós non pedimos crear centros de día, nosoutros falamos de mellorar instalacións municipais que teñen os concellos e que as utilizan entidades e veciños, non van dirixidas a crear ningún centro de día, senón a mantemento deses locais. E logo dicirlle, que logo falarei máis deste tema, pero que as baixas que nós damos son todas en gastos diversos, publicidade, outros traballos técnicos, logo falarei un pouco máis dese tema.

Sr. Lema, onte cando vin a foto, se eu non cuestiono o que custara a foto, claro que é gratis, obviamente, pensei que de verdade que entraba no Goberno, fíxese, tanto fotógrafo alí, eu pensei que é que vostede ía entrar no Goberno tamén. Di que estudou onte as emendas pola tarde, debeu ser moi tarde, porque tampouco as entendeu. Non pedimos nin unha soa competencia en educación, nin unha soa, pero si que os centros que dependen, e mentres pertencen á Deputación, presten os servizos nun estado óptimo, e despois tamén seguirei falando disto porque falouse moito deste tema, o Emilio Romy, o Calvo Sotelo, os centros que dependen da Deputación porque para presumir de que

facemos unha residencia universitaria, para iso si.

O que si que non leu, nin pola noite eu creo, foi o orzamento, porque é que non falou nada máis que de mocións de censura e de temas que non teñen absolutamente nada que ver co asunto que nos trae ao Pleno.

Sr. Regueira, si, efectivamente, por primeira vez na historia se presentan emendas, ben, eu entendo que cando se presentan emendas deben ser estudadas, deben ser comentadas e deben ser faladas. Vostede fala dunhas baixas que deixamos sen nada aos servizos, un drama tremendo, vale, incluso falaron da partida 22799, que non sei nin de que capítulo, nin que concepto, nin nada, porque aquí hai un montón: outros traballos, servizos administrativos, outros traballos técnicos, gastos diversos, outros gastos diversos feiras, outros traballos técnicos, estudos e traballos técnicos, iso é o que damos de baixa, á parte de propaganda e publicidade, iso é o que damos de baixa, por que?, si, si, están aquí todas as baixas, pois vostede leu outro documento, porque isto é o que presentamos, a copia. Que pasa aquí?, e dígollo xa tamén ao Sr. Leira, que se efectivamente o día 31, despois de que o Sr. Formoso, ou mentres estaba no Parlamento presentando este orzamento, déronnos o estado de ingresos e gastos, e punto, a documentación que acompaña ao orzamento déronnola xusto despois de convocar a Comisión, verdade ou mentira?, iso é verdade, e aí faltan as fichas, que fala das fichas, as fichas tenas vostede, nós non temos as fichas, nin as memorias dos servizos, onde din, isto deixaría o servizo sen nada, non, que partidas se poden dar de baixa? Para iso están as reunións, para iso está a Xunta de portavoces, e para iso está o diálogo entre Grupos, eu creo que sería a forma de non deixar a ningún servizo sen algo necesario. O que si entendemos é que antes de contratos superfluos, e antes de publicidade, e antes doutro tipo de gastos, pois os servizos provinciais e as infraestruturas provinciais deben prevalecer para que os concellos poidan acometer estas obras, e por suposto xa non falo das estradas da Deputación que é obvio e evidente.

Claro, antes di que se daban ao entrar na Comisión, eu supoño que o trato sería o mesmo para todos os Grupos que houbera, pois sería o mesmo, pero é que nosoutros temos catorce concelleiros, vostedes teñen catro, e gobernan o Partido Socialista, claro, claro, porque o Partido Socialista os seus socios de goberno é o BNG, os nacionalistas, e noutros sitios os independentistas, e permítame que algo teño que dicir, obviamente, catro. Antes se daría o mesmo trato a todo o mundo, e se lle daría a mesma documentación a todo o mundo, e tamén lle digo, se non a pedían, será o seu problema, nós estudamos os expedientes, lemos os expedientes, traballamos os expedientes, anunciamos que íamos presentar achegas, eu díxenllo, e que nin a Xunta de portavoces, cunha moción aprobada e que todos estabamos de acordo, os mércores a non sei que hora era, xa non me acordo, porque xa nunca máis se soubo, entón, así estamos. Vostedes gobernan porque hai un pacto de goberno, ben, ben, parece que falan a veces como se fosen o Grupo maioritario. Eu só lles pido que un Grupo que ten catorce deputados, como se ten un só, obviamente, pero é que por riba con catorce representamos a moitísimos veciños da provincia, que o mínimo respecto e o mínimo decoro, ía dicir outra palabra, que é sentarse con nosoutros, que non sexa eu a que teña que estar chamando, o noso Grupo, eu neste caso por portavoz, o noso Grupo que teña que estar chamando todo o tempo con cada tema, incluso para avisarlles que teñen asuntos que retirar da orde do día do Pleno, que pasou, por iso presentou a moción o Sr. Lema, senón aquí vén, ou sexa, que teñen que ter outra actitude.

Competencias impropias, vale, competencias impropias e competencias propias, Diego Calvo tiña intención dunha mesa de negociación coa Xunta para transferir os centros que levan toda a vida, por outra parte, pertencendo á Deputación. Nós o que pedimos é máis recursos para prestar eses servizos, pidan esa mesa de negociación, pídana, pero tamén é verdade que é competencia propia ou, exactamente, espere que llo vou dicir, tratamento de residuos en municipios de menos de 5.000 habitantes, e xa non falemos do Consorcio contraincendios, é competencia provincial, e a Xunta achega a metade do diñeiro, quero dicir, que metamos todo nun todo e non metamos o que nos apetece ou o que nos parece. Competencias propias e competencias impropias, vostedes o que queren é desfacerse do morto, eu non sei se lles pegou xa o tema Bloque, que quería cargarse as deputacións, cando están nelas parécelles fenomenal, pero sempre dixeron que adeus deputacións, entón non sei moi ben de que estamos a falar.

Repítolle o mesmo ao Sr. Fernández, ou sexa, 47 millóns do POS+, ese é o orzamento da Deputación, o resto é todo gasto necesario para o Servizo de Recadación, para o Servizo de non sei cantos, que é que o que damos de baixa ao final estame dicindo que é todo imprescindible, ou sexa se iso é gasto necesario e imprescindible, aquí estanos contando unha milonga porque outros anos ían máis de 47 millóns.

Se non hai orzamento no Estado, claro, hai unha situación de incerteza en todas as administracións, obviamente, non hai orzamento no Estado, e veremos se o hai, e cando o hai, pero hai un goberno en funcións que terá que funcionar e que terá que transferir o diñeiro que lle corresponde, canto lle corresponde á Deputación?, xa o preguntamos neste Pleno, a Xunta sabe que lle corresponde 700 millóns, canto á Deputación?, canto pode facer con ese diñeiro?, pois todas as emendas nosas e moito máis seguramente. Canto lle corresponde a cada concello?, cal é a participación nos ingresos do Estado? Entón eu creo que aquí se está a falar dunhas cuestións, primeiro se se quería negociar e as baixas non estaban ben, pois telas negociado, eu o que digo é, de verdade ningunha destas emendas merece nin sequera unha Xunta de portavoces para transaccionar? Ningunha destas emendas?, emenda para mellorar o Plan de seguridade viaria integral; dous, emenda para mellora do Programa dirixido a concellos da provincia para equipamentos culturais; tres, emenda para a mellora das partidas destinadas ás familias e entidades sen ánimo de lucro no ámbito da acción social, gasto corrente; catro, emenda para a mellora das partidas destinadas ás familias e entidades sen ánimo de lucro no ámbito da acción social, gasto de investimento; cinco, emenda para a mellora das partidas destinadas á reparación e mantemento das instalacións do IES Calvo Sotelo; seis, emenda para a mellora das partidas destinadas ao mantemento do conservación e mobiliario do IES Calvo Sotelo; sete, emenda para a mellora das partidas destinadas a actividades culturais e deportivas do Centro Calvo Sotelo; oito, emenda para a mellora das partidas destinadas ao mobiliario do Calvo Sotelo; emenda para a mellora das partidas destinadas ao mantemento e conservación do Calvo Sotelo e do resto de edificios propiedade da Deputación, direille, porque outra mentira que contaron que din que todo é iso, en número si, porque o fixemos por partidas presupostarias, pero en cantidade son cento setenta e pico mil euros, que llo podo dicir agora nun momento, cento setenta e seis mil euros dos 5,8 millóns que metemos nas emendas, por certo, pero si que serven para mellorar estes centros.

Emenda para a mellora do Plan de conservación de estradas provinciais, programa de

subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes para a adquisición de varredoiros e demais material necesario para a limpeza viaria, limpeza de camiños, etc. Programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes para melloras nas redes de saneamento e abastecemento, programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes para a mellora de infraestruturas no ámbito da acción social; programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes para as melloras de infraestruturas no ámbito da acción cultural e programa de subvencións dirixido aos concellos para mellora das instalacións deportivas. O importe total das vinte e catro emendas, 5.810.886 euros, 3.750.000 de incremento no capítulo VI e VII de investimentos, e o resto axudas a concellos, persoas, familias e entidades sen ánimo de lucro, capítulos II e IV. Eu creo que con isto algo máis de cinco millóns, case seis, melloraríase bastante, e polo menos dígame se non merecería como mínimo unha reunión e unha Xunta de portavoces para poder falar disto. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Ou non se me escoita ben cando falo ou cada un interpreta o que lle dá a gana. Eu que loitei pola democracia, duro, levo desde neno loitando pola democracia, non lle vou permitir a ninguén que me corte a liberdade de expresión, a ninguén, sempre que esa liberdade de expresión non estea, se estou mentindo, indubidablemente, ou se estou difamando, indubidablemente. Eu cando estaba expresándome antes no me referín a ningún dos presentes de aquí da sala, a ningún, dixeran que un partido político cheo de políticos corruptos, ministros, presidentes de Comunidades Autónomas, etc., etc., e que é unha realidade, ou o tema dos ERES agora, é unha realidade, polo tanto, iso non mo vai prohibir ninguén que o diga, e se alguén se sente lastimado porque está no Partido, e di "estame insultando a min", non, mérecenme todo o respecto do mundo cada un dos que están presentes aquí, excepto que demostren o contrario e que se metan nesa liña de corrupción, etc., etc., non é o caso, non coñezo a ningún aquí, non coñezo a ningún dos presentes que están aquí que estean nese aspecto metidos.

Sr. Presidente

Isto diríxoo eu por agora.

Sr. García Seoane

Volvo mencionar, o día que soubera dun, non teñan dúbida ningunha de que o sacaría aquí e o esfolaría totalmente, non é o caso, polo tanto, que ninguén se me dea por aludido, porque non é o caso, incluso teño grandes amigos entre as distintas bancadas, ou amigos, entre as distintas bancadas. Polo tanto, que ninguén se atreva, porque como lle dixeran o outro día cando me intentaron sacar da estrada nacional VI, veñan, que isto vai ser peor que o de Cataluña. Claro, cando un está defendendo dereitos e liberdades, e defendendo aos cidadáns, non se pode andar interpretando daquela maneira cada un o que lle dá a gana, e ese é o tema, e eu antes me refería a un grupo de xente que pertence ao Partido Popular que anda por Oleiros e que difama constantemente, eu estaba referíndome a iso cando se deron por aludidos outros señores, esa é unha realidade, ou se pode consentir que un partido político con representantes no Concello de Oleiros, que niso era bastante intelixente don Manuel Fraga, un día lle dixo un aspirante a alcalde de Oleiros, "don Manuel", estaban repartindo os cartos para o Partido, "don Manuel e Oleiros

que?", porque non se lle daban cartos a ese alcaldable, e Fraga contestoulle cunha frase "En Oleiros non me esperte vostede ao león, Sr. Rosende", era intelixente, Fraga era moi intelixente, pero o que pasa é que a intelixencia é algo que escasea, é algo que lle escasea a moitos políticos neste país, esa foi unha frase real, faltan intelixentes neste país. Polo tanto, que quede aclarado que a liberdade de expresión nunca, Sr. Presidente, se atreva a cortarme, sempre que non transgrida as normas, pero non se atreva a cortarme porque non o lograría, habería que sacarme aquí a bandazos. Nada máis.

Sr. Lema Suárez

Por ser breves, que se vai prolongando demasiado tal vez o debate, sen ánimo tampouco de entrar en ningún tipo de polémica que non se cinga ao tema de hoxe, isto non é o Consello de administración dunha empresa pública, dun banco, isto é un órgano de representación política, e o órgano de representación política organízase mediante Partidos, entón creo que non está fóra de lugar que aquí se fale comparativamente da actuación dos Partidos nuns lugares ou noutros., nós poñemos de manifesto que, por exemplo, o ano pasado a Marea Atlántica contribuíu en tempo e forma á aprobación dos orzamentos provinciais na Deputación nunha sesión semellante a esta, nun momento parecido a este en novembro, que non obstante nós posteriormente non tivemos a mesma sorte, non houbo reciprocidade, se se quere expresar así, por parte do Partido Socialista no Concello da Coruña cando tocaba aprobar os orzamentos iniciais do Concello da Coruña, polo tanto, eu creo que se somos representantes políticos é lexítimo completamente falar no seu lugar as accións do que somos, é dicir, representantes destes Partidos porque a vida política se organiza, a representación política, mediante Partidos e, polo tanto, efectivamente, se a nós neste contexto nos parece pertinente comparar a acción responsable á acción que tivo en conta os intereses xerais da cidadanía da Coruña o ano pasado, cando aprobamos neste Pleno en tempo e forma o orzamento provincial, comparado coa acción que padecemos dos representantes do Partido Socialista no Concello da Coruña, que non nos permitiu facelo. Entendo que, desde logo, esta dinámica pode levar a que sexa unha lea ou sexa imposible a xestión deste Pleno, pero desde logo a min como representante en particular dos intereses dos cidadáns da Coruña, resúltame particularmente interesante.

Sobre as cuestións das fotos e por non entrar tampouco en polémica, eu creo que hai fotos e fotos, eu desde logo hai fotos Sra. Gallego de representantes do seu Partido que son preocupantes. Eu pídolle que vostede nos dea aos demais o respecto que esixe para vostede mesma cando fala, porque eu tendo a non facer xestos nin a dicir nada cando vostede fala, é algo da educación pública, supoño que os da privada ao mellor tiñan con vós certa manga ancha, pero pídolle o mesmo respecto co que eu lle correspondo a vostede cando fala. Vostede saca, os representantes do seu Partido, sacan fotos con Partidos que están en contra de recoñecer a violencia machista, vostede sábeo e debería preocuparlle persoalmente e politicamente, non digo persoalmente, ou con representantes dun Partido que está pola ilegalización de Partidos que son plenamente democráticos e que defenden a diversidade de ideas que recolle a propia Constitución española, por certo, e esas son fotos das que eu me sentiría particularmente avergoñado, permita vostede que nós saquemos fotos cando nos pareza, ademais máis aínda cando estes subscriben pactos políticos que entendo que van encamiñados a mellorar a vida das persoas.

Por último sobre a cuestión da análise que se fixo dos orzamentos, eu creo que hai que tomar nota en todo caso de que existe unha preocupación, que é transversal a todos os Grupos políticos sobre a cuestión da conservación das vías provinciais, eu creo que isto é algo do que debemos de tomar nota. Nós propoñemos, e máis adiante trataremos de darlle forma de moción, que fagamos un Plan director, no que se valore non unicamente a conservación das vías, senón tamén as cuestións relativas a súa propiedade a que entidade, a que plano da administración lle corresponde xestionalo. Eu creo que iso legalmente tamén, xa que eu creo que este equipo de goberno leva xa desde antes un histórico de intentar organizar a súa xestión con criterios o máis obxectivos posibles, eu creo que iría exactamente na mesma dirección, un Plan director onde se priorizasen os investimentos con criterios obxectivos, e onde ademais se atendese a outras cuestións relativas á propiedade das propias vías que eu creo que é outra cuestión tremendamente relevante.

Sobre a cuestión das competencias propias e impropias, imos ver, se temos un discurso xerado, que ademais entendo que vai durar moito tempo, sospeito, sobre as transferencias que faltan do Estado por recibir a Xunta, neste caso a Galicia, pola cal, por certo, nós votamos a favor cando se deu ese debate neste Pleno, pois nós tamén queremos preguntar para que, porque entendemos que se se adebedan 700 millóns do Estado terán que ser destinados a competencias propias da Xunta de Galicia, como por exemplo son as competencias de educación, e polo tanto, se estamos hoxe solicitándolle aquí á Deputación que se faga cargo desa competencia que manifestamente non lle corresponde, se nós temos por outro lado, vostedes, ese discurso de reclamación, que me parece xusto, a Madrid para que transfira eses 700 millóns, pois fáganse cargo, por exemplo, daquelas competencias que son súas, ou por exemplo tamén das competencias de industria porque a verdade, Sra. Gallego, eu ás veces pregúntome de que é competente a Xunta de Galicia, porque basicamente estamos agora mesmo nun clima, efectivamente, como isto é política, nun clima de debate político, neste caso xa preelectoral, no que a Xunta de Galicia resulta que dalgúns asuntos de promoción industrial e demais e de emprego, é culpable o Goberno do Estado, e doutros son culpables as administracións inferiores, neste caso a Deputación que parece que se ten que facer cargo de cuestións que, ao meu parecer, e así se prescribe mediante a lei, non lle son competentes, como é por exemplo a cuestión da educación. E entón eu diría iso, diría que fagamos coincidir os nosos argumentos, digamos coas nosas accións, coas nosas competencias, se lle reclamamos ao Estado esas transferencias pendentes, destinémolas ás competencias que son propias da Xunta de Galicia, porque a verdade eu tendo a pensar moitas veces que a Xunta de Galicia case non é competente en nada, e iso realmente eu creo que pola vía dos feitos empezo a sospeitar ademais que é certo, pero cando menos eu creo que pola vía do discurso deberían vostedes reclamar as competencias que lle corresponden.

Sr. Ben Otero

Presidente, desculpa un segundiño. Sr. García Seoane, vostede non recordará o que dixo, pídlle por favor que revise despois a gravación do Pleno cando lle chegue e que revise con atención como se dirixiu vostede aos compañeiros do Partido Popular concelleiros en Oleiros, que non están aquí presentes, por suposto. Supoño que despois de escoitarse a si mesmo reflexionará e non volverá facelo. Desde logo, non imos volver a tolerar un comportamento desta forma ao respecto de compañeiros que participan en política, igual

que todos nosoutros, con maior ou menor éxito electoral, iso é o de menos, pero tan respectables como calquera de nosoutros porque eu, desde logo, anúnciolle que de volver ser así emprenderemos as accións ao respecto que teñamos que emprender.

Voulle dicir, vostede está no seu pleno dereito tamén, e eu por suposto creo que se se volve facer un uso da palabra tan violento, tan groseiro en moitos temas, eu creo que o que podemos facer é levantarnos e saír de aquí porque estamos faltándolle ao respecto ao millón de habitantes da provincia da Coruña, esta non é forma de facer política, isto non é un show, non é un circo.

Eu a gran pregunta que teño porque a min faláronme de vostede, xente que o coñece, a nivel persoal, e tamén me falon ben de vostede, eu creo que vostede ás veces é vítima da súa propia personaxe, a personaxe supera á persoa, e dígollo con todo o respecto, e pídlle por favor que nestes termos non, así non, así imos mal todos, e pídoos que creo que sería bo para todos. Grazas, Presidente.

Sr. Presidente

Pretendíase simple e llanamente, respondendo ao que dicías a micrófono pechado, "a min si, e a el non", non, eu o que estou facendo é que cando un fale, fale o que queira cando queira, pero en calquera caso respectando a quenda do outro, é o único que pretendía, aclarada esa postura.

E volvendo ao asunto importante, que é votar unha a unha as emendas que propón o Partido Popular.

Brevemente, por favor.

Sr. Regueira Varela

Brevemente, moi brevemente. Primeiro, é que hai algunha cousas que teño que respostar por alusións, en todo caso a partida xa lla deu o deputado de Facenda, supoño que xa non é necesario que lle dea a partida onde vén recollida a teleasistencia, pero podería falar doutras partidas, non sei que pensarán na Fundación Fernández Latorre de que por primeira vez na historia da Deputación se suprima a partida de Voz Natura, que é unha partida histórica na Deputación. Pero, imos ao que imos.

Mire, a Comisión de portavoces está para debater cuestións de carácter de tramitación ordinaria, por exemplo, unha moción, achegar posturas entre os portavoces, pero a Comisión de portavoces, a Xunta de portavoces, perdón, non pode substituír á Comisión de Facenda, estamos falando do Pleno máis importante do ano, e non podemos dirimir na Xunta de portavoces, que non somos capaces nin de achegar posturas nunha moción, imos discutir na Xunta de portavoces o documento de orzamentos?, non, para iso está a Comisión de Facenda, e aínda así queda para o Pleno todo, que non houbo intervención do Partido Popular, que eu saiba, na Comisión de Facenda, pero fíxese vostede, por contestarlle algún dato, estamos repartindo neste orzamento 59 millóns de euros de subvencións a entidades e concellos de cultura, deporte, etc., etc., 59 millóns de euros con criterios obxectivos.

(Abandona o salón o Sr. Fernández Angueira).

E xa por último, vostede dicía que ao mellor non traballabamos nós co outro Goberno pedindo a documentación, e que eramos poucos, e non sei que. Mire se pediamos cousas, simplemente o dato estatístico da situación económica dos concellos da provincia da Coruña, pedímolos varias veces no Pleno, e tivemos que ir pedilo aquí, ao valedor do pobo, e díxonos que tiña razón e nin así se nos dou, era un estudo técnico pagado con cartos da Deputación público, e nin así ao Grupo provincial do BNG se lle deu ese estudo.

Sra. Gallego Neira

A ver que traemos o próximo día aquí, hai que pensar algo para facer un circo, porque a verdade é que isto é un show.

Sr. Presidente

Marcou tendencia o último debate das eleccións xerais.

Sra. Gallego Neira

Simplemente aclarar que a Comisión de Facenda foi precisamente onde presentamos, hai unha semana, as emendas, hai unha semana, entón a min dáme igual, Xunta de portavoces, volve convocarse outra Comisión urxente, porque é urxente, acabao de dicir, o Pleno máis importante do ano, o que sexa, unha xuntanza de todos os Grupos, e fálase, dáme igual o formato, o tema é falalas, non veñen aquí ao Pleno sen que ninguén as coñeza, hai unha semana, máis tempo para estudalas que nós o orzamento.

Nada máis, grazas.

Sr. Presidente

Imos proceder á votación, non sen deixar previamente de agradecer o espírito superconstrutivo de todos os Grupos políticos aquí presentes, agradecer evidentemente o apoio á Marea Atlántica e a Alternativa dos Veciños, por corresponsabilizarse de que claramente esta provincia poida ter orzamentos para o ano 2020, tendo en conta que da responsabilidade e da corresponsabilidade neste Pleno, neste punto, depende precisamente a capacidade orzamentaria das 93 entidades locais que dependen en boa medida da Deputación da Coruña.

Nun orzamento que é construído nun escenario de incerteza económica, sen aprobación de orzamentos por parte do Estado, sen aprobación de orzamentos por parte da Xunta de Galicia, e en calquera caso cun documento que garante un apoio claro desde o inicio a 1.800 entidades culturais de toda a provincia, a 800 entidades deportivas, ANPAS, Confraría de Pescadores, etc., co cal agradecer enormemente esa corresponsabilidade porque creo que é en beneficio da provincia.

Procedemos, polo tanto, á aprobación ou non das emendas, unha por unha, presentadas polo Partido Popular.

Votación da emenda número 1:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: un deputado (don Antonio Fernández Angueira, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

Votación da emenda número 2:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 3:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 4:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 5:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 6:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 7:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 8:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 9:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 10:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 11:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)
Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 12:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)
Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 13:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)
Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 14:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)
Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 15:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)
Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 16:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)
Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 17:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 18:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 19:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 20:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 21:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 22:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 23:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Votación da emenda número 24:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Rexeitadas todas as emendas, procédese a votar o asunto:

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do Partido Popular, acorda:

"1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA para o exercicio 2020 por importe de 184.016.500,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	16.567.744,50	I.- GASTOS DE PERSOAL	49.421.510,92
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	15.250.362,65	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	28.732.525,32
III.- TAXAS, P.P. E OUTROS INGRESOS	11.814.615,46	III.- GASTOS FINANCIEROS	61.000,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	139.815.177,39	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	55.222.242,76
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	68.600,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	3.672.200,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	183.516.500,00	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	137.109.479,00
	47		

VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	16.746.250,00
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6.929.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS	500.000,00	VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS	23.231.771,00
IX. PASIVOS FINANCIEROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	500.000,00	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	46.907.021,00
TOTAL ORZAMENTO	184.016.500,00	TOTAL ORZAMENTO	184.016.500,00

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

ÁREA DE GASTO	ORZAMENTO
1.- SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS	2.597.341,57
2.- ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	37.832.015,33
3.- PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	27.337.076,26
4.- ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO	48.493.816,61
5.- ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL	67.756.250,23
0.- DÉBEDA PÚBLICA	0,00
TOTAL ORZAMENTO XERAL	184.016.500,00

2º.- Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Incorporar ao expediente orzamentario o orzamento inicialmente formado polo CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA para o exercicio 2020, para dar cumprimento ao establecido no artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, que presenta o seguinte resumo por capítulo:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	7.224.989,92
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS	1.576.720,58
III.- TAXAS, P.P. E OUTROS INGRESOS	2.474.815,53	III.- GASTOS FINANCIEROS	500,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	7.460.525,53	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	508.695,10
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	124.435,46
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	9.935.341,06	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	9.435.341,06
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	500.000,00
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	VIII.- ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
IX. PASIVOS FINANCIEROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	500.000,00
TOTAL ORZAMENTO	9.935.341,06	TOTAL ORZAMENTO	9.935.341,06

4º.- Incorporar ao expediente orzamentario o orzamento inicialmente formado pola FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC) para o exercicio 2020, para dar cumprimento ao establecido no artigo 132 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, que presenta o seguinte resumo por capítulo:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	192.117,80
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	69.114,10
III.- TAXAS, P.P. E OUTROS INGRESOS	43.885,89	III.- GASTOS FINANCEIROS	224,88
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	222.666,66	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
